

cultura

O Concello prepara un San Froilán normalizado e xa está aberto o concurso do cartaz. **Pax. 10**

sociedade

A Asociación de Dano Cerebral de Lugo crea unha biblioteca propia. **Pax. 14**

economía

Os lucenses xa poden cursar online procedementos co Concello. **Pax. 17**

infraestruturas

Avanzan as obras do novo paso inferior baixo a Nacional VI e a futura rotonda. **Pax. 22**

deportes

Entrevistamos a David Fernández Pérez, técnico do Club Pentanca Lugo. **Pax. 29**

Lugo arderá de novo este mes de xuño



Denuncian o estado ruinoso de inmobles

Lugo Monumental centra a súa atención en dous edificios do casco histórico. **Pax. 19**

Chegan os Vieiros Escolares Seguros

Con esta iniciativa búscase crear o hábito de ir a pé ao colexio entre os escolares. **Pax. 21**

Caudal Fest 2022



O Caudal Fest trae a Lugo a Estopa como cabeza de cartel. **Pax. 11**

Escola de escritores



Alejandro Robledillo é o mestre de EMcreativo, escola creada dende Alucem. **Pax. 12**

Tempo de Xadrez



Os cadetes da Escola Luguesa quedaron campións da Copa de Clubs. **Pax.13**

Apoio a empresarias e emprendedoras

A Deputación lanza con AELU un programa de apoio ao emprendemento do rural. **Pax. 23**



VA VEIGUELA ABOGADOS

30 AÑOS DE EXPERIENCIA EN DERECHO LABORAL

INCAPACIDADES | DESPIDOS | ACCIDENTES LABORALES

¡Consúltenos!


Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606

veiguelabogados veiguela abogados

A FONDO

Ave, Lugo! Ave, Arde Lvcvs!

A XX edición da festa recupera gran parte da actividade presencial, que combinará cos campamentos e outras actividades en liña



Diferentes momentos do Arde Lucus do ano pasado e, no medio, o cartaz desta edición

Un paseo atrás no tempo, a maxia de darlle a man ás nosas raíces, descubrir outra realidade ou formar parte da historia. Todo iso é Arde Lvcvs. E é que máis aló da festa, o Arde Lvcvs xa é unha forma de ver Lugo dende outra perspectiva: a da historia.

Durante catro días, senón máis, a cidade de Lugo voltará unha ollada atrás no tempo para revivir a convivencia entre as tropas romanas lideradas por Paulo Fabio Máximo e as tribos castrexas que ocupaban o territorio do que, máis tarde, se coñecería como Lucus Augusti.

A historia, rodeada de maxia como moitas outras, conta como os castrexos, inferiores en formación militar, chegaron a un acordo cos romanos para compartir as terras nas que vivían. Máis de 400 actividades, en distintas ubicacións da cidade, darán boa conta da relación entre dous pobos, así como do día a día habitual de cada un deles.

Comeza, así, a verdadeira conta

atrás para unha das edicións máis agardadas logo da volta á normalidade, tras dous anos de restricións pola pandemia e que todos os seus protagonistas pronostican que será un éxito.

Un éxito que se podería completar se o Arde Lvcvs acadara este ano o título de Festa de Interese Turístico Internacional. Un feito que, na presentación do programa, a rexedora non se esqueceu de recordar "estamos nunha etapa moi ilusionante porque queremos acadar o distintivo de Festa de Interese Turístico Internacional, para o que focalizamos os esforzos nos últimos dous anos, de xeito que, nesta edición, ademais de recuperar todo o seu esplendor consigamos dar ese paso último para poñer esta cita no mapa internacional".

É por iso, precisamente que o Arde Lvcvs, contou este ano con historia-dores que comprobaron o rigor histórico das actividades programadas

por romanos e castrexos.

Noutro senso, a rexedora destacou o alcance social, turístico e económico da festa de recreación histórica. "O Arde Lvcvs é un magnífico escaparate de cara a promoción turística de Lugo, trátase dun motor imprescindible para axudar ao desenvolvemento da nosa cidade e para que cada vez máis xente nos coñeza e nos visite", apuntou.

Animación de rúas, obradoiros para nenos e adultos, vodas celtas, recreación de loitas, desfiles, circo e un amplo etcétera. Unhas cen actividades diarias que encherán as rúas de Lugo grazas ás 19 asociacións de recreación histórica da cidade "parte indispensable da cita". E que si, certo é, que o Arde Lvcvs, sen as asociacións non sería o mesmo. Algunhas, xa veteranas, lembran como foi crescendo a festa, que empezou sendo, pouco máis que un mercado e un concurso de caracterización. E que hoxe, 20 anos

despois, xa é unha das citas máis importantes da cidade.

Este ano, son moitas as novidades que propios e estraños van atopar no programa da festa. A máis chamativa é a proposta do Concello dun espectáculo de realidade aumentada en 5D que albergará a Mosqueira. Baixo o nome de Tempvs de Lvcvs Avgvsti, tematizarán en tempo real a época de esplendor de Lugo no século I, recreando a muralla romana na súa altura orixinal. Ademais, veranse romanos paseando no adarve, permitindo aos espectadores integrarse na época, axudando a achegar a historia de Lugo a través das novas tecnoloxías. Así mesmo, a Capela do Carme, acollerá por vez primeira unha obra de teatro, O rato da biblioteca, na que participarán todas as asociacións de teatro de Lugo.

Ademais, destacan os dous grandes concertos gratuítos, propostos polo Goberno local. O día 11, os escoce-

ses Saor Patrol e o día 12 as Tanxugueiras amenizarán a praza de Santa María nunha edición que pasará á historia.

Unha das grandes citas terá lugar, na tarde do sábado co Circvs Romano na Explanada do Pavillón Municipal. Só se poderá acudir con entrada, en venda a través da páxina web www.entradaslugo.es. Tamén, como prato forte, está incluído na programación o desfile de colexios, o domingo 12 pola mañá, no que participarán preto de 3.000 nenos da cidade, de 19 colexios e as anpas. Así mesmo, A carreira Mvrvs Lvcis voltará o venres 10 a retar a romanos e castrexos polo adarve da Muralla, podendo inscribirse a través de www.formulario.xuventudelugo.gal.

En total, máis de 400 actividades propostas por concello e asociacións, que conseguirán que a cidade retroceda dous mil anos, nunha fin de semana.



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE



FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD






COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

Realidade aumentada e tradición

A programación deste ano inclúe 400 actividades de animación de rúa, obradoiros, vodas, desfiles, circo e un amplo etcétera

TEMPUS DE LUCUS AUGUSTI

Realidade aumentada na Mosqueira

VENRES 10 XUÑO

- 17.00 h. – 01.00 h.

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.00 h. – 01.00 h.

DOMINGO 12 XUÑO

- 11.00 h. – 21.00 h.

THEATRUM

VENRES 10 XUÑO

- 17.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme
- 17.40 h. Novvs Locvs. Jvan Casaveteiro. Campo Castelo
- 19.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme
- 20.15 h. A Profetisa. Nova Escena. Praza de Armanyá
- 23.00 h. Est Trimim. Debulla Escénica. Praza de Santa María

SABADO 11 XUÑO

- 11.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme
- 12.15 h. Artem Vendederit. Achádegado Teatro. Praza de San Marcos
- 13.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme
- 13.30 h. Praetor Maximvs Toleatvs Est. Hipócrata Teatro. Praza de Santa María
- 17.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme
- 17.35 h. O Exército Do Amor. Pinchacarneiro. Praza San Marcos
- 19.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme

DOMINGO 12 XUÑO

- 11.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme
- 12.30 h. Novvs Locvs. Juan Casaveteiro. Praza Campo Castelo
- 13.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme



- 17.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme
- 17.50 h. Novvs Locvs. Juan Casaveteiro. Praza da Soidade
- 19.00 h. O rato da biblioteca. Palimoco Teatro. Capela do Carme

CASTRA

No Parque Rosalía de Castro.

Venres: 17.00 a 20:00.

Sábado: 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 19.30.

Domingo: 11.00 a 14:00 e de 17.00 a 19.00.

Civitas Lvcensis

VENRES 10 XUÑO

- Explicación vida nun poboado castrexo.
- 19.45 h. Consulta ao péndulo (intérprete de lingua de signos)

SÁBADO 11 XUÑO

- 12.30 h. Obradoiro confección de

pulseiras celtas

- 13.30 h. Consulta ao péndulo.
- 17.00 h. Contacontos (intérprete de lingua de signos)

DOMINGO 12 XUÑO

- 12.30 h. Contacontos
- 17.00 h. Consulta ao péndulo.
- 17.30 h. Obradoiro de confección de pulseiras celtas

Clan de Breogán

VENRES 10 XUÑO

- Exposición de panoplia galaica, cuncheiro galaico, evolución alfarería galaica, evolución ovivaría galaica e pallozas galaicas.

SÁBADO 11 XUÑO

- Demostración de moenda de cereais (intérprete de lingua de signos)
- Usos e costumes galaicos.
- Visitas guiadas cada 30 minutos.
- 17.00 h. Obradoiros do clan.

DOMINGO 12 XUÑO

- Demostración de moenda de cereais.
- Usos e costumes galaicos.
- Visitas guiadas cada 30 minutos.
- 17.00 h. Obradoiros do clan.

Lvgdvnvm

VENRES 10 XUÑO

- Exposición de cabanas galaicas con reprodución de elementos da época, indumentaria castrexa, armeiro con lanzas e escudos, maqueta dunha palloza galaica cos enseren habituais do poboado, imaxes da historia de Lugdunum.
- 17.30 h. Presentación do panel eu son galaic@ (intérprete de lingua de signos)
- 18.00 h. Invocación aos deuses a través do acendido do lume.

SÁBADO 11 XUÑO

- Escolle a túa palloza no panel Eu son galaic@
- 12.00 h. Obradoiro de sanación

galaica con remedios naturais

- 13.00 h. Obradoiro de pulseiras de coiro
- 17.00 h. Horóscopo galaico das árbores, escritura ogham e chapas Eu son galaic@
- 18.00 h. Escaramuza a un asentamento romano.

DOMINGO 12 XUÑO

- Escolle a túa palloza no panel Eu son galaic@
- 12.00 h. Obradoiro de sanación galaica con remedios naturais (intérprete lingua de signos)
- 13.00 h. Obradoiro de pulseiras de coiro
- 17.00 h. Horóscopo galaico das árbores, escritura ogham e chapas Eu son galaic@

Terra Copora

VENRES 10 XUÑO

- Recreación da vida cotiá do pobo coporo, o seu asentamento, os traballos artesanais na ourivaría, nos tecinos e no coito. E tamén da Cohors I Celtiberorum, tropas auxiliares e o seu Valetudinarium ou hospital de campaña.
- 11.30 h. Visitas especiais para colectivos de persoas con diversidade funcional (cita previa)
- 18.00 h. Ungüentos castrexos
- 18.30 h. A historia do noso pobo (intérprete lingua de signos)
- 19.00 h. Non todo son combates na Cohors I Celtiberorum

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.30 h. Fiado do liño
- 12.00 h. Xoiería castrexa para nenos e nenas.
- 12.30 h. O trampeiro coporo
- 13.00 h. Cociña lexionaria
- 17.30 h. Tinguído do liño
- 18.00 h O ourive
- 18.30 h. A cirurxía romana
- 19.00 h. Saída dos coporos cara ao desfile



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

clínica **TEST** dental



- 1** CIRCUS ROMANO • Eptanada Pavillón Municipal
- 2** CONCERTOS • Pr. Santa María
- 3** MACELLVM • Pr. Maior
- > A OBSTETRIX** (Matrona) Desde Roma ata hoxe
Venres de 17:00 a 20:00 / Sábado e Domingo de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30
- > PVNTO DE INFORMACIÓN**
- 4** VODAS ROMANAS • Pr. Maior
- 5** VODAS E BAVTIZOS CELTAS • Portamiñá
- 6** CAMPAMENTOS:
- 1** CASTRA DE LVCVS AVGVSTI
Parque Rosalía de Castro
- 2** MERCENARIOS GALAICOS
Pr. Porta do Seminario
- 3** LVCVS EQVITES
Rúa Anxo López Pérez
- 4** TREBASGALAICAS
Castiño Nemesio Cobreros
- 5** PAX ROMANA e SENATVS LVCVS AVGVSTI
Praza Constitución
- 6** ARA ROMA e LVCVS ICENAS MILIATORE
Pr. Anxo Fernández Gómez
- 7** COHORS III LVCENSIVM e VESTALES DE LVCVS AVGVSTI
Pr. Maior
- 8** KERTIX
Pr. Pio XII
- 9** ASEMBLEARIAS DE LVCVS AVGVSTI
Xardíns Museo Provincial
- 10** GVARDIA PRETORIANA
Pr. de San Marcos
- 11** CAETRA LVCENSIVM
Rúa San Froilán
- ARTIFEX** Espazo de artesáns • Pr. Constitución
Venres de 17:30 a 20:00 / Sábado e Domingo de 11:30 a 13:30 e de 17:00 a 20:00
Ferrariis (Forxal) Carpentariis (Maderna)
- PAPLIONEM FIANDEIRA**
Fado en teat. tinguido de lá e encortado de pelis
- CORDES ARTIFICES LVCV**
Teat. celta, fabricación de coroas, nasas, con técnicas ancestrais
- Tempus de Lvcvs Avgvsti. Realidade avmentada**
Ronda da Myralla, diante da Mosqueira
- NON É NON**
Espazos de información segura
- VENTÁS ARQUEOLÓXICAS**
Asómate á historia de Lugo

- 13.00 h. Roubo do estandarte (con Trebas Galaicas e Pretorianos)
- 18.20 h. Toma do monte medulio (con Trebas Galaicas e Pretorianos)

DOMINGO 12 XUÑO

- Obradoiros infantís
- 12.00 h. Cocendo pan
- 12.30 h. Escenificación de Loita Galaica (con Trebas Galaicas e Clan de Breogán)
- 17.30 h. Cerimonia de unión polo rito celta (intérprete lingua de signos)

Trebas Galaicas

Cantiño Nemesio Cobreros.

VENRES 10 XUÑO

- Exposición de Panoplia. Vida cotiá dos galaicos

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.30 h. Visita guiada polo campamento. Xogos tradicionais galaicos.
- 13.00 h. Visita Galaica ao campamento pretoriano e roubo de estandarte.
- 17.30 h. Visita guiada polo campamento (intérprete lingua de signos)
- 18.30 h. Asalto ao monte Medulio.

DOMINGO 12 XUÑO

- Visita guiada polo campamento.
- 12.00 h. Obradoiro de calco de petróglifos.
- 12.30 h. Escenificación de Loita Galaica.
- 18.30 h. Sons do Castro

Pax Romana

Praza da Constitución.

VENRES 10 XUÑO

- Recreación da vida nun campamento de lexionarios romanos. Explicación das partes da equipación dun lexionario, tribuno e armas na época imperial. Representaranse esceas ao longo do día.
- 17.00 h. Demostración de técnica de acuñación de moedas e o seu significado.
- 18.00 h. Demostración da técnica

DOMINGO 12 XUÑO

- 11.30 h. Obradoiros de mosaicos para nenos e nenas
- 12.00 h. Cociña Castrexa
- 12.30 h. A cirurxía romana
- 13.00 h. Equipando aos coporos
- 17.30 h. Escritura romana para nenos e nenas
- 18.00 h. A farmacopea romana
- 18.30 h. A ourivaría castrexa

Salesiani de Lvcvs Avgvsti**VENRES 10 XUÑO**

- Exposición da obra do pedagogo Quintiliano, a escola romana e o papel da muller na familia.
- 17.00 h. Acto inauguración da Domus de Quintiliano (intérprete de lingua de signos)
- 18.00 h. Adestramento de gladiadoras na ludus

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.30 h. Mostra de como confeccionar coroas
- 12.30 h. Adestramento de gladiadoras na ludus
- 18.00 h. Loita de gladiadoras na area
- 19.00 h. Mostra de como confeccionar a cota de malla

DOMINGO 12 XUÑO

- 11.30 h. Mostra de como confeccionar a cota de malla
- 17.00 h. Lectura de fábulas e xogos para nenos (intérprete de lingua de signos)
- 18.00 h. Loita de gladiadoras na area

Tir Na N'Og.**VENRES 10 XUÑO**

- Castro vivo: artesanía e oficios

castrexos

- 18.00 h. Cofradías guerreiras (demostración de loita)
- 19.15 h. Nomeamento dos campións namarinos

SÁBADO 11 XUÑO

- Castro vivo: artesanía e oficios castrexos
- 12.00 h. Actividades para nenas e nenos
- 12.10 h. Spugnatium (na porta de Bispo Aguirre) (intérprete lingua de signos)
- 17.30 h. O Comercio Fenicio. Un intercambio cultural.

DOMINGO 12 XUÑO

- Castro vivo: artesanía e oficios castrexos
- 17.00 h. Tinguido de tecidos con pigmentos naturais (intérprete lingua de signos)

FÓRA DA CASTRA

Venres: de 17.00 a 20:00.

Sábado: de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 19.30.

Domingo: de 11.00 a 14:00 e de 17.00 a 19.00.

Mercenarios Galaicos

Praza Horta do Seminario.

VENRES 10 XUÑO

- Ambientación castro Mercenarios Galaicos. Exposición panoplia galaica e oficios.
- 19.00 h. Obradorio de pan de landras
- 19.30 h. Traballos na cociña galaica (intérprete lingua de signos)

SÁBADO 11 XUÑO

- 12.00 h. Rituais de iniciación e ingreso de novos mercenarios

mybike Lugo

NUEVAS INSTALACIONES

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

HONDA

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

HONDA CB500X
PÁSATE A LA AVENTURA

Camiño Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

de tinte de tecidos e o seu significado

SÁBADO 11 XUÑO

- 12.00 h. Demostración da técnica de tinte de tecidos e o seu significado

Senatus Lucus Augusti

Praza da Constitución.

VENRES 10 XUÑO

- Exposición Tablinum. Exposición elementos típicos dun escritorio romano. Salvoconductos
- 20.00 h. Colocación da toga senatorial

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.00 h. Xogos infantís populares
- 12.00 h. Desfile
- 13.00 h. Theatrum: Thunus balbo (fondo Praza Maior -intérprete lingua de signos)
- 17.00 h. Representación de la obra La conjura senatorial

DOMINGO 12 XUÑO

- 11.00 h. Xogos infantís populares
- 12.00 h. Desfile
- 13.00 h. Theatrum: Thunus balbo (fondo Praza Maior -intérprete lingua de signos)
- 17.00 h. Representación de la obra La conjura senatorial

Ara Roma

Praza Anxo Fernández Gómez.

VENRES 10 XUÑO

- 19.00 h. Consagración do Templo Ara Roma (intérprete lingua de signos)
- 20.10 h. Ofrendas ao deus Iupiter.

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.30 h. Ofrendas ao deus Iupiter.
- 13.30 h. Confarreatio. Representación Voda Romana oficiada polo Flamen Dialis.
- 16.30 h. Populis Nuptiae. Vodas romanas no templo (previa inscrición)
- 18.00 h. Sacrificium

DOMINGO 12 XUÑO

- 13.00 h. O trance das Sibilas



- 13.30 h. A queima dos libros Sibilinos (intérprete lingua de signos)
- Bendición das tropas e armas de Cohors III
- 16.30 h. Ofrendas ao deus Iupiter.

Lvcvs Eqvites

Rúa Anxo Lopez Pérez (Edif. admin. Concello)

VENRES 10 XUÑO

- Visita ao campamento romano.

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.30 h. Actividades para nenos: Crea a tua mosqueira, Mosaicos, Marionetas con corda e lá, Paseo a caballo. (intérprete lingua de signos)
- 13.30 h. Desfile tropa romana con percusión. Exhibición de

maniobras ataque e defensa exército romano.

- 17.00 h. Actividades para nenos: Crea a tua mosqueira, Mosaicos, Marionetas con corda e lá, Paseo a caballo.

DOMINGO 12 XUÑO

- 11.30 h. Actividades para nenos: Crea a tua mosqueira, Mosaicos, Marionetas con corda e lá, Paseo a caballo. (intérprete lingua de signos)
- 13.30 h. Desfile tropa romana con percusión. Exhibición de maniobras ataque e defensa exército romano.
- 17.00 h. Actividades para nenos: Crea a tua mosqueira, Mosaicos, Marionetas con corda e lá, Paseo a caballo.



Lvcvs Icenus Miliatore

Praza Anxo Fernández Gómez.

VENRES 10 XUÑO

- Vida no campamento.
- 18.00 h. Asentamento e recepción da Raíña Boudica.
- 18.45 h. Rebelión da Raíña Guerreira.

SÁBADO 11 XUÑO

- Vida no campamento.
- 12.10 h. Spugnatium (porta de Bispo Aguirre)
- 13.00 h. O nacemento dunha guerreira
- 13.30 h. Desfile incursión polas ruas da cidade.
- 17.00 h. Asedio ao campamento Romano (Kertix e Icenus)
- 18.30 h. Arenga no trono (intérprete lingua de signos).
- 19.00 h. Fame e sede de vin-

ganza.

DOMINGO 12 XUÑO

- Vida no campamento.
- 12.00 h. Recepción dos nosos guerreiros.
- 13.00 h. Entrenamento guerreiro
- 13.30 h. Desfile
- 18.00 h Arenga no trono
- 18.35 h. A bendición de Andraste (intérprete lingua de signos)
- 19.00 h. Gritos de Guerra

Cohors III Lvcensivm

Praza Maior.

VENRES 10 XUÑO

- Exposición campamento militar.
- 21.00 h. Desfile polo centro do

CURSOS

Xacobeo 21-22

100% GRATUITOS

IV PUNTÚAN EN LAS OPOSICIONES!

MODALIDADES: TELEFORMACIÓN Y PRESENCIAL

Solicita información en:
formacion@estudiosrafer.es
982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

CURSOS DISPONIBLES

- ☀️ MANIPULADOR DE ALIMENTOS (15 horas)
- ☀️ COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS (55 horas)
- ☀️ POSICIONAMIENTO WEB Y MARKETING DIGITAL EN BUSCADORES (115 horas)
- ☀️ IMPLANTACIÓN MARCA Q DE CALIDAD (70 horas)
- ☀️ ELABORACIÓN DE PLATOS COMBINADOS (70 horas)
- ☀️ ECOTURISMO (70 horas)

¿ESTÁS DESEMPREGADO E AÍNDA NON COÑECES REINICIATE ENCAMIÑA O TEU FUTURO?

REINICIATE ENCAMIÑA O TEU FUTURO É UNHA INICIATIVA CREADA POLA ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA FORMAR A DESEMPREGADOS DE LONGA DURACIÓN.

OS CURSOS COS QUE PODERÁS OBTEN O CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE SON:

- GESTIÓN Y ORGANIZACIÓN DE LOGÍSTICA Y REPARTO
- COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2
- AT. SOCIO SANITARIA A PERSONAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIONES LOCALES
- RELEVO GENERACIONAL PARA EL MANTENIMIENTO DE LA VID

lugoempleo@eoi.es
T: 982 260 204 / M: 672 06 33 31
lugoempleo.com

SENADO

“Como veña bo tempo, esta será unha das mellores festas do Arde Lvcvs”

Grazas ao Senatus Lucus Augusti calquera cidadán pode obter o salvoconduto necesario para desfrutar da festa sen problemas; e é que, entre as súas filas contan con dous das personaxes máis importantes para Lugo: César Augusto, emperador de Roma, e Paulo Fabio Máximo, fundador da cidade das murallas. Fan teatro e están presentes nos actos oficiais, pódese dicir que son a autoridade da festa.

Que é o Senado?

É unha asociación máis do Arde Lvcvs que naceu no ano 2012. Este ano, estamos celebrando o décimo aniversario. Nace por iniciativa da Consellería de Cultura, cando estaba a cargo de Carmen Basadre. Ela considerou que, para completar a vida de Roma, debía haber tamén no Arde Lvcvs un senado.

O grupo de Teatro Nasdrovia foron os primeiros en darnos unhas pequenas leccións de teatro e, desde aí, estamos facendo unhas sesións de senado, durante o Arde Lvcvs, sempre en ton humorístico. Facemos un pouco de teatro, dentro da nosa pouca validez como actores, que non nos dedicamos a iso.

Cantos conformades a asociación?

Agora mesmo somos 34 compoñentes. A cousa está un pouco estancada. Cando comezamos coa asociación eramos 28 persoas, algúns marcharon e outros foron entrando. Ao levar dous anos sen festa a cousa está un pouco retraída, pero nós estamos felices de seguir sendo os mesmos, porque estes dous anos de pandemia, non se deu ningún de baixa nin houbo



ningún percance.

Que levades este ano?

Este ano, nós, coma sempre, levamos unha obra de teatro que se representará o sábado e o domingo no fondo da Praza Maior, nas escaleiras. O título é *Thunnus balbo*, é unha pequena parodia dun xogo de palabras. Pero non imos facer ningún spoiler, para que a xente vaia vernos. Pero, xa digo, todo en ton de humor. Iso é o que vai dentro do programa xeral. Logo, dentro da nosa sede, que está na praza da Constitución, nós solemos facer Salvoconductos, para quen se pase por alí, que poida circular libremente pola festa. Tamén facemos xogos para nenos entre ás 11 e as 12.30 horas. E representamos unha obrinha de teatro, que se chama Conxura Senatorial que terá lugar venres e sábado ás 17.00 horas. Logo temos colaboracións con outras asociacións e, a maiores, acompañamos ás autoridades cando hai algún acto. Ademais, temos con nós a César Augusto, e eu fago o papel de Paulo Fabio Máximo, fundador da

cidade, e nos actos oficiais estamos sempre en todos.

Como credes que será este ano a festa, logo da pandemia?

Eu polo que puiden ver, nos días da ponte de maio ou estes días de primavera que está vindo moi boa, meteorolóxicamente falando, a xente ten moitas gañas de saír e divertirse e pasalo ben. Eu creo que este ano vai ser unha moi boa festa, polas ganas da xente de olvidarse da pandemia, aínda que non nos debemos olvidar, pero si, ila deixando un pouquiño de lado. As asociacións estamos volcadas en facer un montón de actividades e facer moitas cousas, novas ou non, pero que lle gusten á xente e queremos poñer moi en valor a festa para conseguir que non dean o título de Festa de Interese Turístico Internacional. A todo isto, hai que contar co tempo, porque se chove, non hai festa que valla; agora, como veña un pouco de bo tempo estou convencido que vai ser unha das mellores festas, posiblemente, mellor que a do 2019.



casco histórico.

SÁBADO 11 XUÑO

- 12.00 h. Ordine Mutatio (intérprete lingua de signos)
- 12.10 h. Spugnatio na porta de Bispo Aguirre (con Castronela)
- 13.00 h. Desfile polo centro do casco histórico
- 17.00 h. Ordine Mutatio.

DOMINGO 12 XUÑO

- 12.00 h. Ordine Mutatio (intérprete lingua de signos)
- 13.00 h. Desfile polo centro do casco histórico

Vestales

Praza Maior.

VENRES 10 XUÑO

- 22.00 h. Acendido do Lume Sagrado

SÁBADO 11 XUÑO

- 19.30 h. Ofrenda Vestalías

DOMINGO 12 XUÑO

- 21.00 h. Preserva do lume sagrado (intérprete lingua de signos)

Asamblearias de Lvcvs Avgvsti

Xardíns do Museo Provincial.

VENRES 10 XUÑO

- 18.00 h. Exposición Vestipliae en Lucus Augusti
- 19:00 h. Invocación aos deuses (oráculo)
- 22:00 h. Saída da primeira manifestación feminina da historia

SÁBADO 11 XUÑO

- 12.15 h. Murmuros á boca da verdade
- 13.00 h. A voz das mulleres de Roma

- 17.45 h. Exposición Vestipliae en Lucus Augusti e entrega de premios

- 18.30 h. Historia das pandemias en Roma (intérprete lingua de signos)

DOMINGO 12 XUÑO

- 12.15 h. Invocación aos deuses (oráculo)
- 13.00 h. Descubre o segredo dos pergamiños (escape room)
- 17.30 h. Coñece a historia real das bacanas (con Vestales)
- 18.10 h. Ritual á deusa Carmenta (intérprete de lingua de signos)
- 19.00 h. Murmuros á boca da verdade

Kertix

Praza Pio XII.

VENRES 10 XUÑO

- Exposición de marionetas mitolóxicas e de fábula, con breves relatos. Exposición e explicación de cestería Galo-Romana
- 17.00 h. Fauna e vexetación dos murais romanos
- 19.00 h. Silva Tenebrarum.

SÁBADO 11 XUÑO

- 11.45 h. Obradoiro de carpintería romana.
- 13.00 h. Visita ao campamento
- 17.00 h. Asedio ao campamento (con Icenos)
- 20.30 h. As lemurias (intérprete lingua de signos)

DOMINGO 12 XUÑO

- 12.00 h. Distintos teares de uso romano
- 13.00 h. Visita o campamento
- 18.00 h. Silva Tenebrarum (intérprete lingua de signos)

Gvardia Pretoriana

Praza San Marcos.

SÁBADO 11 XUÑO

- 12.30 h. Faladoiro sobre a historia e vestimenta da Guardia Pretoriana
- 13.30 h. Degustación de Moretum (papilla de queixo de ovella ou cabra con perexil, allo, apio, cilantro e nata) (intérprete lingua de signos)
- 14.00 h. Roubo do estandarte por parte de Trebas Galaicas

- 17.00 h. Doazón de Mulsum (viño con mel)
- 18.30 h. Asalto ao Castro Medulio de Trebas Galaicas.

DOMINGO 12 XUÑO

- 12.30 h. Faladoiro sobre a historia e vestimenta da Guardia Pretoriana
- 13.00 h. Desfile infantil

Charanga LUGO

Avda. de la Coruña 39. Lugo 648.739.473

escolactiva
Centro de Ensino

¡¡¡INFORMATE SIN COMPROMISO!!!

Este verano en ESCOLACTIVA seguimos trabajando

Recuperaciones de junio / Convocatoria extraordinaria ABAU
Pruebas ESA septiembre

IDIOMAS

Certifica tu nivel de inglés o italiano / Exámenes y preparación Erasmus
Pruebas DELE julio / Celga

Rúa Camiño Real 48, baixo 27004 Lugo. 676 115 427 / 982 807 670
www.escolactiva.com

instagram.com/escolactivalugo facebook: @escolactiva



- 13.00 h. Frgustación de Absinthium (vermut romano) (intérprete lingua de signos)
- 17.00 h. Loita romana

Caetra Lvcensivm

Rúa San Froilán.

VENRES 10 XUÑO

- 12.00 h. Caetra dos sentidos: ADACE LUGO visitará o campamento participando nun obradoiro
- 18.30 h. CECA Caetra: (fundición e acuñamento) fabricación da Caetra, moeda atopada dentro da cidade amurallada (intérprete lingua de signos)

SÁBADO 11 XUÑO

- 12.30 h. O censo: Inscrición de cada romano co seu nome elixido, como na antiga Roma
- 17.50 h. Demostración do funcionamento da bomba utilizada polos vixiles (antigos bombeiros) (intérprete lingua de signos)

DOMINGO 12 XUÑO

- 11.30 h. CECA Caetra: (fundición e acuñamento) fabricación da Caetra, moeda atopada dentro da cidade amurallada
- 12.00 h. Demostración do funcionamento do tear da época (tecer, dar cor, confeccionar diferentes teas)



GUARDIA PRETORIANA

“Faremos o Desfile do Pretoriano Caído, homenaxe a un amigo falecido”

A Guardia Pretoriana é unha das asociacións que colaboran en que o Arde Lvcvs saia redondo. Malia que representan a un corpo militar, o certo é que as súas actividades non só teñen que ver coa loita ou as formacións militares, senón que centran a súa divulgación histórica na gastronomía típica dun cidadán romano.

Que é pretorianos?

É unha asociación que se fundou para o Arde Lvcvs en 2013. Empezamos sendo unha comparsa e agora xa nos dedicamos a ir a festas de recreación histórica. E acabamos de chegar, coma quen di, hai unhas semanas, de desfilar en Roma.

Cantos conformades a asociación?

Agora mesmo, 90 persoas.

Que novidades levades este ano para o Arde Lucus?

Bueno, todos os anos, tanto nós coma todas as asociacións, seguimos sendo un bucle de repetir sempre o mesmo. Porque chega un momento que non podes facer cousas novas. Este ano, a diferenza que hai é que antes as actividades estaban feitas polo Concello e as asociacións, baseándonos un pouco na historia pero moitas veces, de forma errónea; agora temos uns historiadores.

O máis reseñable do noso campamento será o xoves ás 18.30 horas que faremos a presentación dun cadro. A Guardia Pretoriana, non é coma outras lexións que hai escritos e que se atopou información. A Guardia Preto-



riana só existiu 323 anos, queda moi pouca constancia dela. E o que queda é en relevos coma a Columna de Trajano, ou en salpicados de relevos dentro do Palatino. Hai un cadro que fixeron dous compañeiros e faremos a presentación desta obra que estará exposta toda a fin de semana fóra do noso campamento.

O venres temos en Santa María a reunión do Foro ás 21.00 horas. E ás 23.00 horas temos un acto moi especial, o Desfile do Pretoriano Caído, que é o segundo que facemos. Facémolo na honra dun compañeiro falecido neste último ano.

O sábado abriremos a Castra ás 12.00 horas e pasaremos á degustación do Moretum, ás 13.00 horas. Será un queixo de cabra especiado untábel que facemos coa receita orixinal, que viña a ser o almorzo típico dun cidadán romano.

Xa pola tarde, temos a donación do Mulsum que é un viño con mel, típica bebida romana.

Ás 18.30 horas iremos á guerra contra os castrexos, nas que participan outras asociacións que é o Asalto ao castro Medulio. Ás 20.30 horas será o desfile de todas as asociacións e, ás 23.00 horas a Ofrenda á Vitoria.

E o domingo, ás 13.00 horas, faremos un desfile infantil, para os fillos dos asociados, pero ao cal se pode unir calquer neno. Ás 13.00 horas temos a degustación do Absinthium, que é un vermú romano e que a xente poderá probar. E ás 17.00 horas faremos unha pequena loita romana, unha exhibición na honra de José Cuba, campión estatal deste deporte.

Como credes que será este Arde Lucus, logo da pandemia?

Pois, sinceramente, creo que moi desexado. Por parte de todos, tanto nós, as asociacións, como o público en xeral que está desexando volver ao ritmo de vida normal e corrente. Eu creo que vai ser moi masificado, máis que os anteriores.



Especialistas en impermeabilizacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:

Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns
ESTRUCTURAS ENTERRADAS • LÁMINAS ANTIRADÓN

FACEMOS DEPÓSITOS PARA AUGA POTABLE

LUGDUNUM

“É importante facer fincapé nos pobos que vivían aquí antes dos romanos”

Que é Lugdunum?

A asociación de recreación histórica galaica máis antiga da cidade. Cando se empezou a organizar o Arde Lucus, fíxose dende un enfoque moi romano, dende a perspectiva do pobo conquistador, e crimos importante facer fincapé nos pobos que vivían aquí antes da chegada romana. Pero sen acritude, quero dicir, aceptando e valorando que actualmente somos unha mestura de sangue romano e galaico. De aí o noso nome: Collimos o nome dunha das deidades prerromanas máis importantes, Lugh, e “romanizámolo” engadindo a desinencia -dunum... Máis tarde, enterámonos que existía unha cidade romana na Galia xustamente con este nome, a actual cidade francesa de Lyon. As actividades que organizamos como asociación, dende o principio, tiveron un enfoque didáctico, dar a coñecer a nosa cultura prerromana... pero tamén actividades onde os rapaces fosen os protagonistas. De aí que organizásemos numerosos obradoiros ao longo da nosa historia: de barro, escudos, coiro, pulseiras, cociña, maquillaxe, chaveiros, horóscopo... Corría o ano 2008.

Que novas actividades presentades este ano?

Este ano o Concello coordinou máis actividades colectivas entre todas as asociacións participantes para darlle un corpo de “historia”, desde a chegada



dos romanos, ata a sinatura da paz, pasando por asembleas e escaramuzas entre dos distintos pobos... Isto fixo que tivéramos que reducir algunha das actividades propostas pola Asociación. En calquera caso, este ano teremos un mural co debuxo dun castro onde a xente poderá adherirse e “alugar” unha casiña e formar parte da familia Eu son galaic@. Nesta mesma liña, os participantes poderán facerse unha chapa co seu nome escrito en ogham, unha escritura prerromana de orixe celta, que aínda que non se atopou en Galicia, cremos interesante dala a coñecer. Este ano incorporamos tamén unha actividade de entendemento entre os pobos romano e galaico. Acenderemos o noso lume de xeito tradicional, e logo de sacralizalo compartiremolo coa Asociación Pax Romana para que podan empregalo na elaboración das súas

moedas. Daremos tamén unha charla sobre as plantas medicinais que se empregaban naquel tempo e o seu uso.

Como será a festa deste ano?

Cremos que será un éxito. Hai moitas gañas de recuperar esta festa. Non debemos esquecer que é unha festa artellada por moita xente de Lugo, somos moitas asociacións e moitos os participantes que levamos dous anos dándolle á cabeza, con gañas de mostrarlle á xente, de Lugo e de fóra, o que preparamos... Se a isto lle sumamos as gañas da xente en xeral de saír, de viaxar, de facer cousas distintas e tentar recuperar o tempo perdido... non pode ser doutro xeito... un éxito. Cecaís, por poñerlle un pero, as datas en plenos exames finais, antes de rematar o curso escolar e as oposicións convocadas... pode que lles reste un pouco de asistencia. Pero por poñerlle un pero...

Medio cento de actividades para os máis pequenos



Praza da Soidade

VENRES 10

- 17.30 O drvida (teatro infantil)
- 17.30 a 19.30 Ego Faciem Pintvm e Carreira de cabaliños

SÁBADO 11

- 11.30 a 13.30 Ego Faciem Pintvm, Eqvorvm Genes e Bolos Celtas
- 12.00 A visita inesperada (teatro infantil)
- 17.30 As aventvras de Vlises (teatro infantil)
- 17.30 a 19.30 Salta Castrexo!, Tragabolas e A caída do império

DOMINGO 12

- 11.30 a 13.30 Invasión romana e Circo romano
- 11.30 Aqueles cvriosos romanos (teatro infantil)
- 17.30 a 19.30 Invasión romana, Circo romano, Ego Faciem Pintvm e Faite Gverreiro/a

Macellvm na Praza Maior

VENRES 10

- 19.00 Contos de Roma (teatro infantil)
- 17.30 a 19.30 Circo romano e Faite Gverreiro/a

SÁBADO 11

- 11.30 a 13.30 Tragabolas, A caída do império e Invasión roma-

na

- 19.30 As mvsas de Plavto (teatro infantil)
- 17.30 a 19.30 Retratvm castrexo/ romano, Lvcvs sensorial e Romanos contra Castrexos

DOMINGO 12

- 11.30 a 13.30 Ego Faciem Pintvm, A caída do império e Invasión romana
- 13.15 Contos de Roma (teatro infantil)
- 17.30 a 19.30 Retratvm castrexo/ romano, Lvcvs sensorial e Romanos contra Castrexos
- 18.30 As aventvras de Vlises (teatro infantil)

Praza do Ferrol – Lvdvs Lvcvs

VENRES 10

- 17.00 a 20:30 Obradoiros de artesanía, Batalla, Lvdvs Magnvs, A lonxa

SÁBADO 11 e DOMINGO 12

De 11.30 a 14:30 e de 17.00 a 20.30 Obradoiros de artesanía, Batalla, Lvdvs Magnvs, A lonxa

Praza de Santo Domingo

SÁBADO 11 e DOMINGO 12

- De 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 19.00 Xogos Romanos de Taboleiro

Tu tienda de barrio

El rincón de YUVI

Para Empanadas Charcutería Fritería Drogueria Bebidas Delicatessen

Luis Ameijide nº 2 - 27003 Lugo
T. 640 765 071 / elrincondesyuvi@hotmail.com

Ousá

Panadería Pastelería Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Cultura prepara un San Froilán normalizado

A Comisión de Festas do San Froilán fixo a primeira reunión para comezar a traballar na organización do San Froilán 2022. Segundo explicou Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, “desde a área de Cultura comezamos a traballar xa na edición 2022 do San Froilán, que se parecerá máis ao San Froilán 2019 que ás edicións dos últimos dous anos, marcadas polas distintas restricións da pandemia”.

Ferreiro afirmou que “estamos avanzando xa nos distintos pregos das festas, como son a produción, as casetas e a colocación do recinto feiral”. A concelleira de Cultura presentou os avances realizados á comisión de festas, que está composta por 8 integrantes, 3 en representación

do grupo municipal Socialista, 2 do Popular, 2 do Bloque Nacionalista Galego e 1 en representación de Ciudadanos, ademais do xefe de Servizo de Cultura, que actúa como secretario da Comisión.

Ferreiro agradeceu a todas as agrupacións, artistas, empresas e ao persoal do concello a implicación que demostraron para que o San Froilán 2022 fose adiante, ao mesmo tempo que agradeceu “a labor dos medios de comunicación, que trasladaron e transmitiron seguridade e información de todo o proceso”. Ferreiro lembrou tamén “a todo o público asistente, que co seu comportamento fixo posíbel que as festas do ano pasado se desenvolvesen de xeito seguro”.

A concelleira de Cultura presen-

tou as contas do San Froilán 2021 á comisión de festas. Dende a área de Cultura investíronse un total de 765.788,41€ na realización das festas, dos que o concello recibiu 75.500€ en forma de colaboración con outras administracións ou patrocinios de empresas privadas.

PREGOS. A comisión de festas aprobou a proposta da área de Cultura de non subir os prezos de licitación no recinto feiral nin das casetas, e de manter tamén os prezos dos produtos nas casetas, mantendo o mesmo que en 2016. Deste xeito, as persoas que visiten as casetas do polbo poderán consumir cada ración de polbo (250g) a 12€, a ración de pan e de cachelos (200g) a 1,50€ e a botella de viño (3/4l) a 6€.



O PP pide ao Goberno que non deseñe unhas festas “cutres”

O Partido Popular anunciou que participará nas xuntanzas da comisión de festas “con espírito constructivo” pero manifestan que sinten “temor” a que se repita “a matraca de todos os anos: invitación á mesa de cara á galería para logo deseñar unhas festas cutres e que cada vez van a menos”. Segundo os edís do PP, a alcaldesa de Lugo “non debería permitir” que “por intereses partidistas se acabe cunha das festas con máis tradición de Galicia”.

No PP pídennlle ao Goberno local que “muden o sistema de traballo e que recuperen o modelo de Comisión de Festa aberta e participativa para que o San Froilán sexa de novo unha festa de todos e non só da parte nacionalista do bipartito”.

Asemade, os populares critican ademais a tardanza desta reunión. “Se

para o Caudal Fest, que é en setembro, xa está todo pechado, que podemos esperar para o San Froilán do que nada se sabe aínda”, cuestionan os populares.

Entre as propostas que o PP achegará mañá á Comisión de Festas figura axilizar a posta en marcha do novo Auditorio de Magoi para traer unha gran actuación de tirón e inaugurar ese espazo cultural.

Ademais buscan a elección do pregoeiro ou pregoeira así como o da oferente do Domingo das mozas chegando a un consenso, dar un maior protagonismo á música das bandas nos palcos, tanto da Praza Maior coma do Parque Rosalía de Castro, con invitación a agrupacións da contorna ou promover un festival de folclore no que se reúnan grupos de danza de Galicia.

En marcha, o concurso do cartaz

O Concello de Lugo fixo públicas as bases que rexerán o concurso para elixir o cartel anunciador das festas patronais San Froilán 2022.

Coa publicación das bases, a área de Cultura convoca oficialmente o Premio de Deseño Gráfico San Froilán 2022 ao que poderán concorrer cantos autores o desexen, con traballos de técnica libre. Ademais, cada persoa poderá presentar tantas obras como considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais.

Os deseños deberán contribuír a enxalzar a cidade de Lugo e as súas

festas, incluíndo, en todo caso, o texto marcado polo Concello: Lugo – San Froilán 2022 – 4-12 de outubro – Festa de Interese Turístico Galego – Festa de Interese Turístico Estatal – www.sanfroilan.info. Ademais levará a imaxe corporativa do Concello, así como os logotipos das redes sociais do evento, Instagram, Twitter, Facebook e Youtube.

O deseñador que gañe o concurso recibirá un premio de 2000 euros e, o seu traballo, será empregado como cartel anunciador das festas patronais e o Concello poderá reproducilo no tempo e forma que estime oportuno, xa que será da súa propiedade. Ademais, poderá

cedelo a terceiros.

Os traballos poderanse entregar ata o xoves 16 de xuño en formato dixita. Malia que a técnica é libre, os carteis deberán evitar calquera tipo de propaganda subliminal que poida inducir ao consumo de alcohol ou calquera outro tipo de drogas, segundo a lexislación vixente. As obras presentadas someteranse á decisión dun xurado integrado por 3 vogais con voz e voto, sendo presidido pola Ilma. Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. O xurado será o encargado de seleccionar a obra gañadora o día 21 de xuño ás 11:00 horas no Concello.



CON LA MÚSICA A OTRA PARTE

en septiembre inauguramos NUEVAS INSTALACIONES en Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

ABIERTO PLAZO MATRICULA CURSO 22/23

Pide información o reserva tu horario en el: 687 58 25 59

Sesiones de muestra gratuitas



DESCUBRE EL MÉTODO MUSICAEDUCA
Para aprender música jugando a partir de los 10 meses.

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación instrumental de 5 a 8 años.

FORMACIÓN MUSICAL
Desde 7 hasta 100 años con metodologías activas e innovadoras para todos los instrumentos, individual y colectivas.

Lenguaje musical • Armonía
Refuerzo conservatorio y preparación de prueba de acceso.

HEIKO

ESCUELA DE MÚSICA

O Caudal Fest trae a Lugo a Estopa como cabeza de cartel



A organización da última gran festa do verán galego, xunto ao Concello de Lugo, presentaron esta mañá as datas oficiais así como parte do cartel do Caudal Fest.

Estopa, Robe (exvocalista de Extremoduro) ou o rapeiro Morad son os grandes atractivos que

impulsan esta nova edición do festival que se celebra na capital, a carón do Miño. Entre o 17 e o 19 de setembro, lucenses e visitantes poderán gozar de numerosos concertos ao aire libre nun dos espazos máis espectaculares da cidade.

Ademais dos cabezas de cartel,

e a falta de grupos por anunciar, a organización desvelou outros nomes como León Benavente, Delaossa, Ilegales, os galegos Terbutalina ou os lucenses Forget la France, entre outros.

As entradas estarán á venda dende o vindeiro 11 de maio ao mediodía, dende 39 euros.

Ana Goy, numeraria da Real Academia de Belas Artes

Ana Goy Diz, catedrática do Departamento de Historia da Arte da USC, formalizou o seu ingreso como académica de número na sección de Expertos nas Artes da Real Academia Galega de Belas Artes, no marco dunha cerimonia que se desenvolveu no salón de actos da Facultade de Humanidades do Campus de Lugo.

A coñecida lucense Ana Goy Diz pronunciou un discurso titulado Ribeira Sacra: a construc-



ción dunha paisaxe cultural e recibiu a réplica de Antonio Rodríguez Colmenero, que tamén é académico de número da sec-

ción de Arqueoloxía e Museoloxía da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.

As mulleres xornalistas centran o novo mural do Culturban



O Concello de Lugo deu o pistoletazo de saída á terceira edición do festival de arte urbano Culturban. O programa, posto en marcha pola área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua xunto ao Espazo LUPA, comezou coa elaboración dun mural no exterior das instalacións de Radio Taxi, no parque da Milagrosa.

Ata alí desprazouse o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, que visitou a zona xunto a concelleiros nacionalistas do Goberno. "Con este novo mural, seguimos avanzando

na renovación da imaxe das instalacións do Parque da Milagrosa", explicou Arroxo.

Foi, precisamente, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia quen promoveu a creación deste mural co gallo do Día Internacional da Liberdade de Prensa, celebrado pasado 3 de maio.

A artista encargada de decorar este espazo, foi Xoana Almar, integrante do colectivo Cestola na Cachola e que traballa nunha proposta fundamentada nun dos principios básicos do xornalismo: ir, ver e contar.

Abriu o prazo para solicitar as axudas escolares do Concello

O Concello de Lugo vén de publicar no Boletín Oficial da Provincia a apertura do prazo de solicitude para as axudas para material escolar e libros de texto para familias con baixos recursos, que se entregan anualmente. Así o anunciou o edil de Educación, Felipe Rivas, que explicou que o Goberno local traballa en "mellorar os prazos, e para o curso 2022-2023 agardan poder comezar a entregar as primeiras semanas de clases".

A concellería de Educación desti-

narán 40.000 euros para facilitar a adquisición de material escolar, en vales de 100 euros para 400 beneficiarios. O criterio único de baremación para a concesión da axuda será a renda per cápita anual da unidade familiar.

As solicitudes poderán presentarse entre o 1 e o 21 de xuño, mediante o rexistro telemático do Concello de Lugo de xeito preferente, mais tamén a través do rexistro presencial do Concello e de outras administracións.

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Mosquera Otero
CLÍNICA DENTAL

C-27-001194

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

“Unha vez que conseguen os primeiros premios, medra a confianza no grupo”

Alejandro Robledillo é o mestre de EMcreativo, escola de escritores creada dende Alucem

Tomando algo e entre amigos. Así é como xorden as ideas de EMcreativo Escola de Escritores. Un proxecto que xurdiu entre os usuarios de Alucem como un obradoiro de escritura e que xa é toda unha escola con xente chegada de diversos puntos do Estado. Alejandro R. Robledillo é o mestre de EMcreativo que anima dende o primeiro día a que os seus alumnos presenten os traballos a concursos de alto nivel. Falamos con el e con algún dos seus alumnos, María Varela, Pablo Veiga e Fernanda Arrojo, que nos contaron como viven as experiencias que lles trouxo EMcreativo.

Como xorde a iniciativa?

A.R.: Xorde de Alucem. Nun principio ía ser un obradoiro de escritura creativa, que me propuxeran facer os alumnos de Alucem. E que rapidamente, pola demanda e o éxito, acabou sendo unha escola de escritores que incluso, xa saltou do ámbito literario e estamos implicando a xente doutros sectores como a cultura Guido Guía, ou Diego As. E estamos empezando a tirar doutros ámbitos como pode ser o deportivo. A asociación de esclerose múltiple o que consegue é formar ese talento para logo reclutalo en beneficio da propia asociación e que medie e nos dea a coñecer ante o resto da sociedade.

Cando comezou a funcionar a escola?

A.R.: No ano 2018, aínda que se parou pola pandemia.

Con cantos alumnos conta a escola?

A.R.: Agora mesmo cero, polo parón da pandemia. Chegamos a ser 25, en dous grupos nalgún momento.

A cultura, ás veces, cóstalle arrancar...

A.R.: Non, eu creo que ao revés. O mundo literario é algo que te das conta enseguida, tanto en redes sociais como na vida real, que a xente ten moitísima interese en aprender a escribir. Ofértanse moitos cursos. E este, era gratis, en Lugo. E chegou a haber xente que non era da asociación, sen diversidade funcional.

Falamos xa do parón da pandemia. Como vos afectou?

A.R.: Cando entramos na teleformación, pola pandemia, tiven que pechar a asistencia porque chegamos a ter, naquel momento, 20 solicitudes de ingreso. Entón, limiteino ás persoas que eu máis coñecía, ás máis achegadas, porque non quería que se perdesen. Chegou a haber xente de Cáceres, Badaxoz, Madrid, tamén alguén das Illas Canarias. De todo o Estado, pero ao final decidiuse que ía ser un grupo máis pequeno. Que permanece vivo e que segue telemáticamente. Son xente que ten relación dalgunha ou doutra forma con EMcreativo.

Pode participar calquera nesta escola de escritura?

A.R.: Polo momento está pechada, pero en canto volvamos a abrir, queremos que sexa algo aberto a toda a poboación, que calquera poda participar.



Participantes do colectivo coas súas publicacións

Que hai que facer para formar parte da Escola?

A.R.: Sencillamente, seguir o noso perfil de Facebook, EMcreativo Escola de Escritores. Para setembro, a idea é volver poñelo en marcha. Este ano, posiblemente fagamos coma sempre, será gratuito para os socios de Alucem e, o resto, pediremos un donativo solidario unha vez ao mes ou algo así.

Non asusta enfrontarse aos concursos e certames dende o primeiro día de curso?

A.R.: O primeiro reto que lles puxen diante, o primeiro día, foi dicir: non imos aprender a escribir imos comezar a concursar. Lembro a cara de pánico de todos. Á xente deulle medo. Pero porque este reto? Primeiro porque existe unha rutina e, despois, porque implica que alguén nos valore; que non nos coñece, que non sexa a nosa nai, o noso amigo... Alguén nos vai ler e, unha vez que consiguen os primeiros premios, que todos os conseguiron, o grupo comeza a gañar unha confianza altísima. O seguinte paso, que xa é lanzarte a escribir a novela, vai detrás. Depende do teu xénero, hai quen publica un ensaio, ou quen segue presentándose e gañando un montón de concursos. Foi o primeiro reto, tiñan medo pero non o rexeitaron.

É un aliciente tamén, non?

F.A.: é unha motivación.

A.R.: Non imos facer algo polo mero pracer, imos intentar ser escritores. E iso conleva tamén que ti vas escribir sobre o que te demanden non só sobre o que a ti te apetece. É unha forma de aplicar os diferentes estilos e comezar a ser profesionais dentro dese ámbito.

Como nace o proceso creativo?

P.V.: Depende de cada un. A min, a cabeza non me para nunca de dar voltas. Ás veces só faltaba sentar e poñerse a esquematizar e a fluir. A

miña novela, en principio, eran personaxes encorsetados, sen unha historia. Díxome Alejandro: enfía a historia, crea desde un principio a un final. E iso non é nada fácil.

A.R.: É un bo exemplo, A marcha de Anxo, o libro de Pablo. Tiña unhas historias boísimas, pero estaban sen entrelazar. Si que hai ferramentas, si que hai técnicas, como noutras artes; pero trátase de dar consciencia desas técnicas. Usamos moito o método peripatético, tomar unhas cervexas e comezar a falar. Pablo pasábame os esquemas e íamos todos falando con el e aportando ideas. E a partir de aí, fíxose lle a luz e dixo que xa o tiña, foise a escribir e cando volveu xa viña con el practicamente rematado.

Unha vez que se publica, que vén despois?

P.V.: Enche de orgullo que a xente lea a túa obra. Usuarios do meu traballo, xente maior que me pedía que lle levara o libro. E despois, que o lean e que che digan que lles gustou.

A.R.: Algo importante é que ao Congreso Internacional de Traballo Social vaian 4 libros de aquí, máis os meus. En total 7 libros. Conseguimos que en Lugo haxa un nivel de premios moi altos. Moi relevante para unha cidade desta poboación.

Tedes un proxecto común que é o conto As visitas de Esclerose a mamá. Como xorde este proxecto?

M.V.: Xorde porque eu contei, como lles explicaba aos meus nenos pequenos o que me pasaba a min. A min, dábase un brote, e como lle explico a unha nena de dous anos e a un bebé o que me estaba pasando? Pois tomándoo como un xogo. Se a mamá lle leva a cabeceira para atrás, colocámoslla ben. A miña filla maior ao irmán tíñalle que mirar a temperatura do biberón, eu non tiña tacto. Tiveron que aprender moitas cousas dende



As visitas de Esclerose a mamá, libro publicado en común polos participantes do proxecto EMcreativo

pequenos.

A.R.: A verdade é que todo o que se escribira da esclerose antes, e incluso doutras enfermidades, sempre se baseaba en explicar en que consiste. A un neno, o que lle importa é como lle vai a afectar esta enfermidade na súa vida. Diagnostican no entorno, unha nai, un pai, ou o que sexa, e preguntábase como lles vai afectar. Pois había unha necesidade de dar resposta a isto. No grupo quedamos en que ía ser unha especie de traballo de fin de curso e xuntouse moita xente. Foi un traballo moi bonito e que gustou moito.

Que hai que facer para escribir?

F.A.: A ver, isto é un escola. E é moi importante formarse. Unha gran parte da formación artística e literaria é utilizar ferramentas, coñecer os xéneros. Saber que xénero é mais acorde a ti, a túa forma de expresión, de escribir. A lingua é moi importante. É moi importante, ademais da creación, a formación; é pedra fundamental. Formarse, interesarse e ler moito.

Que proxectos hai de cara a futuro?

A.R.: Estamos agora traballando con Alcer, para facer unha historia sobre a doazón en vivo. Xunto co CB Breogán e o CD Lugo que están participando nun video. E gustaríanos levar iso ao ámbito literario. Pero, o primeiro é recuperar a presencialidade. E o segundo, hai a posibilidade de que se faga un novo proxecto, non tan implicado coma este, pero no que se van implicar dúas novas formacións, esperemos. E, sobre todo, facer algo que trascenda o literario e ser un punto de encontro da cultura en Lugo máis aló da literatura. Xa se implicou a creatividade plástica con Estefanía e Paula, grandes ilustradoras; está tamén Diego As, ou Guido Guía. E, agora, temos tamén un proxecto de danza inclusiva que se porá en marcha en outubro. Coa intención de que sexa como EMcreativo: que non só sexa aprender a bailar senón a competir en calidade case de profesionais. Porque o que se fixo coa discapacidade é excluílo do profesional. A idea é que a cultura poida estar tamén neste punto.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates parto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O Museo de Lugo acolle unha mostra de Quique Guerra



Inauguración da mostra de Quique Guerra no Museo

Unha escolma da obra escultórica e pictórica do artista mariño Quique Guerra, pode verse no Museo de Lugo. A exposición titulada co nome do artista manterase ata o vindeiro 29 de xuño.

A mostra está composta de 25 pezas seleccionadas por Tá en Artes e pola propia directora do Museo, Aurelia Balseiro. Unha mostra homenaxe programada ao abeiro das actividades organizadas polo colectivo mariño arredor da Semana das Artes Plásticas da Mariña,

que este ano dedicaron ao escultor e pintor falecido en 2016.

A familia do artista e membros de Tá en Artes participaron na inauguración da mostra, que repasa a traxectoria artística de Quique Guerra. Así, inclúe trece esculturas que amosan a súa preferencia polo traballo con materiais naturais, como madeira, pedras ou óso de balea, e doce óleos que reflicten a influencia na súa obra de referentes clásicos coma Seoane ou Laxeiro.

A exposición de Óscar Cabana abre na galería Nova Rúa

A galería de arte Nova Rúa acolle este mes unha nova exposición do artista Óscar Cabana onde exporá toda a súa última obra. Os traballos de Cabana poderán verse na galería de luns a venres de 11.00 a 13.30 e de 17.00 a 20.15 horas. Os sábados estará dispoñible de 11.00 a 14.00 horas. Baixo o título *Lugo*, a mostra recolle diferentes imaxes da cidade, sendo as murallas as meirandes protagonistas.

Nado na cidade da Coruña hai 42

anos, adquiriu formación como arquitecto e ampliou o seu curriculum con obradoiros de gravado, collage e xilografía.

A súa obra comezouse a expoñer durante o 2008 nas principais cidades galegas, aínda que tamén outras galerías do territorio peninsular acolleron a súa obra, en cidades como Soria, Lleida, Madrid, Oviedo, Zaragoza ou Alicante. A nivel internacional, o artista conta cunha exposición permanente en Dublín.

Os cadetes da Escola Luguesa de Xadrez, campións da Copa de Clubs



Os cadetes da Escola Luguesa de Xadrez, están de noraboa. E é que o equipo converteuse en gañador no Campionato Copa Xunta de Galicia de Clubs. Asemade, na categoría absoluta, a Escola Luguesa de Xadrez acadou o cuarto posto.

Na categoría cadete, o primeiro equipo da escola non partía entre os favoritos do torneo, xa que se situaba en quinta posición no ranking internacional. O equipo lucense logrou impoñerse nos primeiros seis enfrontamentos e conseguiu empatar o último cos primeiros. Unha gran actuación do equipo lucense que conseguía a vitoria por primeira vez na súa historia.

O equipo cadete B formado, na súa gran maioría, por xogadores infantís, lograron un meritorio duodécimo posto.

Na categoría absoluta, o gran premio foi para o club de Rianxo, pero os lucenses non quedaron anda mal ao clasificarse no cuarto posto. A escola presentaba dous equipos, o Escola Luguesa A fixo un gran torneo acadando ese cuarto posto logo de partir de décimos.

O equipo B da escola estaba formado, esencialmente, por xogadores Cadetes, onde partían de 27 e lograron ascender ata o posto 17. Este equipo estaba formado por

Adan Carballido, Antón Vilariño, Xúlio Vilariño e Samuel Fonteboa.

CAMPAMENTO. Volve a oferta lúdica en torno ao xadrez coa sexta edición do Campamento de Xadrez de Verán e moito máis.

O campamento levarase a cabo no CEIP Illa Verde dende o 27 de xuño ao 29 de xullo. Trátase de campamentos de día, semanais, e que transcorrerán dende as 9.00 e as 14.00 horas, coa posibilidade de ampliación unha hora antes de entrada e unha hora despois da saída. As prazas son limitadas polo que veñen de abrir o prazo de inscrición que se poderá facer a través do correo electrónico xaquedrum@gmail.com ou no teléfono 657 974 937. O custe será de 55 euros por campamento malia que hai bonificacións segundo o número de semanas nas que se inscriban os nenos ou por irmáns, alumnos do Illa Verde ou membros da Escola Lucense de Xadrez, sempre que se realice a reserva antes do 5 de xuño.

Os nenos dividiranse en tres grupos: xadrez divertido, para nenos de 4 a 7 anos; xadrez máxico para nenos de 7 a 12 e o V Campus de Xadrez para usuarios de 13 a 16 anos.

Pinturas de Antonio Rivas Pol formarán parte do Vello Cárcere

Inaugurouse no Vello Cárcere unha mostra de pinturas de Antonio Rivas Prol. A mostra poderá visitarse ata o vindeiro 12 de xullo, e consta dunha serie de paisaxes pintadas en acuarela, nas que destaca a riqueza cromática característica da obra de Antonio Rivas Prol.

Antonio Rivas Prol (A Pontenova, 1948), sentiu desde sempre a necesidade de expresarse por medio do debuxo e a pintura, área que impartía ós seus alumnos e na que se especializou por mor dunha maior formación, con cursos oficiais ou coa axuda de expertos en temas que consideraba importantes. Coñeceu ó acuarelista asturiano, Sellaño, a quen invita ás súas clases de plástica coa finalidade de avezar ó alumnado nesta técnica. A partir disto, foise pasando gradualmente ó mundo da acuarela en exclusividade. Conversas, lecturas, visitas a exposicións e moito papel roto, son os métodos de traballo de Antonio Rivas, pintor autodidacta.

Últimos concertos da 49 edición da Semana de Música do Corpus

A 49 edición da Semana de Música do Corpus, segue ata o 8 de xuño cos seus dous últimos concertos. O

4 de xuño terá lugar no Círculo das Artes ás 20:30 horas MUSICA ALcheMICA con Lina Tur Bonet ao violín e dirección de A Beleza / Biber 1681.

Finalmente, o 8 de xuño, tamén no Círculo das Artes e á mesma hora, o contratenor Carlos Mena ofrecerá o Concerto 1700 con Daniel Pinteño ao violín e dirección de Bello Pastor: *Cantadas para castrado na Capela Real.*

GEOCLIMA ST
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO

SOLUCIONES PARA:

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

REALIZAMOS:

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo

982 814 147 / 636 462 063 www.geoclimast.com

Ya puedes reservar tus libros de texto y material escolar con nosotros

Admitimos vales de la administración

Felices vacaciones!

Librería Troll

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com



GRAFITI A BREOGÁN. O premiado muralista lucense Diego As é o encargado de embelecer o exterior do Pazo dos Deportes. Así o artista traballa nun deseño de 36 metros de ancho por 9,5 de alto, na entrada ás instalacións desde o complexo das Pedreiras.

Xubilados chaman á unión colectiva para “facer forza”



Xubilados de Lugo veñen de facer pública unha recollida de sinaturas para facer un chamamento á unidade dos diferentes colectivos e entidades que engloban a pensionistas en todo o Estado.

A través dunha plataforma dixital, os xubilados lucenses pretenden a unión de todos os colectivos para “poder presionar sobre todos aqueles dereitos que pouco a pouco imos perdendo”.

Ademais, chaman aos 9 millóns de

persoas xubiladas e pensionistas que hai no Estado para “unirse, baixo o nome que sexa, pero libres, independentes”. E é que non queren asociarse a ningunha bandeira ou ideoloxía. “Podemos arranxar os abusos da banca, as carencias e eternas agardas da sanidade pública, as trabas das administracións para poder facer unha consulta presencial, os problemas de cada día que acucian e arrinconan ás persoas maiores”, conclúe a petición.

Adace crea unha biblioteca propia contando co apoio da Deputación

A Asociación de Dano Cerebral de Lugo (Adace), estrea nova biblioteca. Así o fixo logo da colaboración da entidade coa Vicepresidencia da Deputación na que a institución provincial fixo entrega dun lote de publicacións, que ampliarán o catálogo de lecturas dispoñibles para os socios e usuarios. As obras cedidas pola Deputación son de temática histórica, etnográfica, patrimonial, literaria ou artística, escritas en galego e editadas ou participadas polo Servizo de Publicacións da Deputación.

O Deputado, Efrén Castro visitou o centro do colectivo, estivo acompañado polo edil de Educación do Concello de Lugo, Felipe Rivas. O deputado explicou que “se está a impulsar esta fórmula de colaboración con distintos colectivos e asociacións para promover a lectura en galego e mellorar a difusión de obras coas



Presentación da nova biblioteca de Adace

que colabora a Vicepresidencia da Deputación”.

Adace conta en Lugo cun centro de día onde realizan diferentes talleres e actividades orientadas a mellorar a autonomía e a recuperación funcional das persoas afectadas por

dano cerebral, así como actividades de ocio e tempo libre. Nesa liña, coa colaboración das persoas usuarias e socias da entidade, están a poñer en marcha a iniciativa Adace Lendo, para a que a Vicepresidencia da Deputación d'fixo esta achega de libros.

A cidade contará co X Campus de Verán XuvenCiencia

Lugo acolle o X Campus de Verán XuvenCiencia, unha actividade que ofrece a sede da USC en Lugo entre o 3 e o 9 de xullo e que contará con 16 proxectos e 13 obradoiros de divulgación científica para 95 estudantes de 4º da ESO, Bacharelato e ciclos medios de Formación Profesional.

O campus científico de estival promovido polo Grupo de Innovación Docente XuvenCiencia do Campus de Lugo da USC incrementa en 30 o número de prazas

ofertadas o pasado curso, un abano de 16 proxectos científico-tecnolóxicos, biosanitarios, de ciencias sociais e de humanidades, nos que poderán participar entre cinco e seis persoas por proxecto. As propostas do Campus de Verán XuvenCiencia 2022 están inspiradas nalgunhas das investigacións máis punteiras que se desenvolven no Campus de Lugo

O Campus de Verán XuvenCiencia recupera este ano actividades como a Xincana XuvenCiencia.

Lugo dispón de 11.000 novas tarxetas cidadás

O Concello de Lugo recibiu 11.000 novas tarxetas cidadás, logo do retraso no subministro despois da crise dos semicondutores. Así o anunciou hoxe o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, quen explicou que estar tarxetas atenderán á demanda derivada do cambio de liñas de bus “e das distintas campañas postas en marcha polo Goberno para animal á veciñanza a facer a Tarxeta Cidadá”. Arroxo animou á veciñanza que aínda non ten a tarxeta cidadá a facela para “axilizar as paradas do bus e aforrar no prezo de cada viaxe”. O Tenente Alcalde destacou que “Lugo ten o transporte máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado”.

Pagando con tarxeta, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64 euros a 0.45, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31 no caso de persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida.

O prezo do transbordo tamén é inferior, pasando a valer 0.19€ sen bonificacións a só 0.10€ no caso do transporte bonificado, o que permite aforrar ata un 50% no prezo do transporte público.

Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirose o formulario que se pode atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,09. Despois, deberá pedirse cita no 010 para retirar a tarxeta nas oficinas do Concello.



UNA EXPERIENCIA PARA ALIVIAR EL ESTRÉS

UN ESTRÉS CONTINUO CREA TENSION MUSCULAR Y UNA SENSACION DE CANSANCIO, QUE EN MUCHAS OCASIONES, NO CONSEGUIMOS RESTABLECER DURANTE EL SUEÑO. ES POR ELLO QUE LOS MASAJES SON IDEALES PARA ESTE TIPO DE SITUACION TAN HABITUAL EN NUESTRO PRESENTE, YA QUE RELAJAN LOS MUSCULOS Y ESTIMULAN EL FLUJO SANGUINEO.

Avenida de Madrid 42 bajo
696 629 696

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L

NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.
Oscar Valiño Pin
Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo
628 126 720 - info@valireylugo.com

Aberto o prazo de inscrición para o MotoDesafío

A asociación moteira Lóstregos vén de abrir o prazo de inscrición para a súa, xa tradicional, ruta mototurística de aventura e navegación MotoDesafío Lóstrego IV.

Este ano, a asociación e os seus invitados percorreren as motañas do Courel o vindeiro 25 de xuño. A saída será dende Lugo.

Ao longo da xornada, os participantes percorreren os principais puntos de interese da montaña do Courel así como algunhas zonas máis descoñecidas da comarca. Con todo, haberá dúas modalidades, unha mixta, que contén partes de terra e, outra, que transcorrerá íntegramente por estrada.

O roteiro está pensado para que poida participar calquera tipo de moto ou ciclomotor.

Como cada ano, o prezo inclúe o almorzo, o xantar e a cea, así como unha camiseta, os dorsais, as pegatinas e agasallos dos patrocinadores ou o pasaporte biker friendly.

A ruta é valedera para o Campionato Galego de moto turismo organizado pola Asociación grupos moteros Gallegos (AGMG). Inscricións e información no 619 987 809.

O BNG agarda o xulgado de violencia de xénero

O BNG está "atento e vixiante" no cumprimento do acordo para a creación do xulgado de violencia de xénero en Lugo. Así o expresaron logo da xuntanza de seguimento do acordo de investidura entre o deputado nacionalista, Néstor Rego, e membros do PSOE.

"Esta foi unha das demandas que o BNG impulsou no acordo de investidura do Goberno do Estado, tras un período longo de traballo realizado con campañas de mobilización social e nas institucións para acadar este xulgado específico" declarou Elvira Lombao, responsable nacional da comisión de acción feminista do BNG.

Elvira Lombao valorou de forma "positiva" a xuntanza de seguimento do acordo de investidura respecto á creación deste xulgado específico, no que destacou "continuaremos atentas, vixiantes e insistentes en que se cumpra este acordo acadado co BNG, é unha obriga que Lugo conte canto antes con este xulgado".

O BNG considera que este servizo debe estar enfocado na comarcalización, no que se acolla todos os casos que se produzan en Lugo. Así, facendo posible unha atención próxima ás vítimas e reducir a perturbación que o proceso xudicial implica.

"Sei que é difícil atopar roupa actual de calidade a un prezo asequible"

Susana Témez é a propietaria da tenda de roupa de nenos Charanga, situada na avenida da Coruña

Que é Charanga?

Charanga é unha tenda de roupa de nenos que vai dende recén nacido ata os 12 anos. A roupa da que dispoñemos é actual, divertida e moi colorida. Ademais, temos novidades todas as semanas. Facemos grandes promocións durante o ano, que varían dende todo ao 50% ata a segunda prenda a 1 euro. Neste senso, Charanga dispón dunha Rede Charanda, que consiste nunha tarxeta de fidelización que é totalmente gratuíta e que, grazas a ella, durante todo o ano a nosa roupa ten descontos directos dende o 20% ata o 50%.

Como xorde Charanga?

Charanga é unha franquía española que vende en todo o estado. En Lugo, naceu xusto antes da pandemia aínda que a causa dela a apertura retrasouse ata o 26 de xuño de 2020, polo que este mes, celebramos o 2º aniversario.

Antes de Charanga viña do mundo da moda infantil ou abriu a tenda por unha necesidade propia?

Abrimos a tenda Charanga Lugo entre dúas socias, malia que na actualidade é só dunha. As dúas viñamos da rama da sanidade, porque como mamás que somos ás veces é difícil atopar roupa actual, divertida e a un prezo asequible aquí, en Lugo. Xa que, moitas veces, ou imos a grandes cadeas, nas que, ao final, van todos os nenos iguais na fila, ou, desgraciadamente, caemos na

tentación de internet. Isto está acabando co pequeno comercio de proximidade e estase acabando o bo trato cara os clientes. Aquí intentamos cuidar e tratar aos clientes como nos gustaría ser tratados.

Nos últimos tempos, especialmente dende a pandemia, vimos en Lugo como moitos negocios de puericultura pecharon, é un sector complicado?

Non é un sector complicado. O complicado, nestes momentos, é ser autónomo, pagar os alugueiros ou os recibos mensuais, que cada vez son máis altos. Realmente, o sector da roupa infantil, baixo o meu punto de vista, é un sector moi agradecido para as persoas que, coma min, adoran aos nenos. Son persoas que dan alegría só con miralos. Para min, persoalmente, que entre un neno pola porta, poder chamalo polo seu nome, darlle un caramelo ou un globo e que che devolva o sorriso ten moito valor.

Que pode atopar o cliente?

Aquí, en Charanga, o cliente pode atopar dende pixamas de bebé recén nacido, roupa deportiva para todos os días, ata roupa máis de vestir para ir de invitados a comuñóns ou bautizos. E, como xa expliquei, a prezos moi competitivos durante todo o ano.

Os nenos son un público difícil á hora de probar a roupa ou convencelos de que unha cousa vailles quedar mellor que outra.



Susana Témez, na tenda ubicada na avenida da Coruña

Como é traballar con eles?

A min, persoalmente, que non viña do sector, sorprendeume o fácil que é probarlles roupa. Aínda que, tamén é verdade, que hai uns poucos aos que non lles gusta. En Charanga, para estes últimos, ofrecemos o servizo de que poidan mercar a roupa, levala á súa casa e, se non lles queda ben ou non lles gusta, poden regresar e se lles devolven os cartos sen ningún tipo de problema; dentro do prazo dun mes.

Cales son os produtos máis solicitados?

Son moi variados e dependendo da estación. As chaquetas vaqueiras teñen moito público xa que sentan moi ben. Pero tamén ten moita aceptación a roupa de praia, tanto de neno coma de nena. A verdade tivemos e

temos gran aceptación grazas á calidade que ten a nosa roupa.

Ás portas do verán, que roupa se levará entre os nenos nesta tempada?

Este verán veñen pisando moi forte as cores laranxa e pistacho. A colección de verán está chegando agora mesmo e, a verdade, é que é moi bonita e ten moita cor, tanto en neno e nena coma en bebé.

Que proxectos ten de cara ao futuro? Que obxectivos se marca?

Obxectivos realmente, nos días de hoxe, temos que ir pouco a pouco. Pero, dende logo aquí e cos clientes dos que dispoñemos a día de hoxe é un luxo poder estar. Gustaríame poder seguir facendo isto que me gusta e desfruto, durante moitos anos.

SIEMPRE HAY UNA FLOR PARA CADA OCASIÓN

FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

ARDE LUCUS, SAN JUAN
PRIMERAS COMUNIONES...

Sueños MATERNALES

DESCUBRE TODAS LAS NOVEDADES PARA EL VERANO
Chalecos flotadores, manguitos, bañadores, sandalias, gorras, toallas...

VISITA NUESTRA WEB
www.suenosmaternales.com

Camiño Real 39 Lugo - 661 376 429

O Parque de Tráfico retoma as actividades presenciais



O Parque de Tráfico continúa a programar sesións de circulación segura. O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, e o concelleiro de Educación, Felipe Rivas, visitaron este centro de educación viaria, onde nenos de varios centros de ensino participaban nunha visita das que se realizan dende os colexios a este Parque de Tráfico. “Este ano, coa redución das medidas sanitarias, avanzamos na volta á normalidade nesta instalacións, que recibirá ao alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria de 8 centros de ensino”, explicou o concelleiro de Educación, que engadiu “mantemos vivo un dos poucos parques de tráfico permanentes da Galiza, unha infraestrutura pensada para

educar non só a futuros conductores e conductoras, senón tamén a peóns, pensando nos novos modelos de mobilidade”. “Todos os nenos que acoden ao Parque recibiron anteriormente unha sesión específica sobre seguridade viaria no seu centro de ensino”, indicou Felipe Rivas. A programación destas xornadas, están amplamente consolidadas no calendario das familias e dos centros de ensino lucenses. A concellería de Educación organiza estas xornadas “para que os nenos e nenas adquiran conductas e comportamentos seguros, ben sexa como peóns ou como persoas usuarias de transporte”, afirmou o concelleiro de Educación.

Méndez quere implicar á mocidade na transformación da cidade

A alcaldesa implicará á xente máis nova no proceso de transformación da cidade para que coñeza máis a fondo como se desenvolven os procesos de humanización e as tomas de decisión para mellorar os espazos públicos, de xeito que tamén participen directamente no seu embelecemento.

Con este obxectivo lánzase o programa Proxecta-Cidade a través da Concellería de Xuventude. “Cremos que esta participación tamén axudará a concienciarnos na necesidade de respectar e coidar os lugares comúns, os que son de todos, o que servirá como prevención contra o vandalismo”, sostén a rexedora, que destaca a importancia de que “a cidadanía sexa co-participe desta segunda gran transformación de Lugo na que estamos a traballar para acadar un municipio máis confortable, sostible e con áreas de maior benestar”.

O programa colaborativo está aberto á veciñanza de 14 a 35 anos de ida-

de, e darase prioridade ás persoas en risco de exclusión, buscando grupos heteroxéneos para “acadar unha integración real e que sexa unha experiencia o máis enriquecedora posible”, apunta Lara Méndez.

Os espazos onde se intervirá estarán vinculados co ocio xuvenil. Proxecta-Cidade abarca tres fases: en primeiro lugar, as sesións lúdico-formativas, onde os participantes explorarán as diferentes zonas urbanas, para suscitar neles unha mirada crítica a través de ferramentas e análise de diagnóstico da calidade dos mesmos. Despois comezarán os talleres de experiencias, impartidos por especialistas con competencias en diferentes disciplinas, nos campos da arquitectura, urbanismo e arquitectura educativa, e, por último, a fase da execución do proxecto de reforma e mellora de dous espazos públicos previamente identificados. O concelleiro Mauricio Repetto anima tamén á participación nestas accións, “xa que pode supoñer un

percorrido con grandes oportunidades para que os participantes poidan descubrir as súas potencialidades e ter a oportunidade de atopar novos intereses e de apaixonarse por eles”. A mocidade interesada pode inscribirse xa no Proxecta-Cidade a través da conta info@educohabitar.com. Dará comezo o día 4 de xuño e desenvolverase ao longo do mes. A colaboración manterase aberta unha vez iniciada a actividade, polo que se poderán incorporar ao longo do proceso máis participantes. As sesións se desenvolverán os mércores, de 17.30 h. a 19.30 horas, e os sábados, de 11.00 h. a 14.00 horas.

O programa está coordinado pola arquitecta Elena Belgrano (do laboratorio EduCoHabitat), e colabora Iago Eireos, coordinador de Espazo Lupa Arte, dedicado á produción artística e á xestión cultural. A acción enmárcase na estratexia ‘+Xti’, que se desenvolve a través do Servizo de Prevención de Drogodependencias e outras adicións.

Secretariado Xitano presenta en Lugo a súa nova aula Edyta

A entidade Secretariado Xitano está a desenvolver na súa sede de Lugo a aula Edyta. Un proxecto pedagóxico de carácter estatal para promover a empregabilidade de mulleres en risco de exclusión. Promovida pola Fundación Orange, a aula Edyta traballa en torno á educación e á transformación dixital que está a afectar ao mercado laboral.

No caso de Secretariado Xitano, doce mulleres forman parte do programa dende o pasado mes de marzo co que completarán a súa formación o vindeiro mes de xuño. Contan con que a tecnoloxía lles permita mellorar a súa calidade de vida.

Precisamente ao acto de presentación desta aula Edyta achegáronse



membros do Goberno local e autonómico. Así, a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella puxo en valor esta iniciativa. “Favorecerá a inclusión social e a incorporación profesional das mulleres a través do desenvolvemento das

súas capacidades dixitais”, gabou López Abella. Este programa está dirixido tanto a entidades do Terceiro Sector como a diferentes administracións que traballan con colectivos femininos en situación de vulnerabilidade.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL





C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

GALENDUR STORE

PRIMER Y ÚNICO CONCESIONARIO DE MOTOS ELÉCTRICAS PARA LA PROVINCIA DE LUGO





¡BENEFICIA TE DEL PLAN MOVES III CON UN DTO. DE HASTA 1.300 EUR! NOSOTROS TE LO GESTIONAMOS.



VERAZOLES DE VAL. Máx. 30 km/h
PARA CARNET B

INICIA TU CAMINO ELÉCTRICO

- 10 veces MÁS ECONÓMICA que una convencional.
- Mucho más limpio y silencioso.
- Prácticamente SIN MANTENIMIENTO.
- Pagarás MENOS IMPUESTOS.
- Recargable en CUALQUIER ENCHUFE.
- Subvención PLAN MOVES III de hasta 1.300 Euros.
- Amplia gama de Maxi Scooter, Naked y Deportivas

Te llevamos la emoto a cualquier punto de nuestra provincia.

Servicio técnico en 24-48 horas para toda la provincia de Lugo.

O Pásate a vernos:
Taller y Exposición
Rúa Diego Pazos, 92-94
27600 - Sarria (LUGO)
Whatsapp 698.130.764

Llámanos al 982.876.725 o visita:
www.galenduro.es

Convocadas novas axudas para o tecido asociativo

A edil de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Lugo, Ana González Abelleira, anunciou a convocatoria de novas axudas para promover que o tecido asociativo da cidade leve a cabo proxectos que dinamicen a economía.

Trátase da terceira edición deste plan plurianual no que se enmarcan as subvencións que contan cun investimento de 40.000 euros. Estas axudas, habilitadas en 2020 como revulsivo ás consecuencias sociais nas que comezaba a derivar a pandemia e coas que o Concello pretende seguir ofrecendo apoio ás iniciativas locais para xerar emprego.

A edil explicou que no día de mañá a Xunta de Goberno aprobará as bases do procedemento no que os criterios de valoración puntúan a inclusión de actividades de fomento da igualdade, para combater a discriminación feminina.

Por iso, terán en conta que na composición da directiva exista un número de mulleres superior ao 50% e que a actuación vaia dirixida a colectivos con maiores dificultades de inserción laboral. Tamén contará a favor o fomento da dixitalización e o uso de redes sociais e das TIC.

Toda vez que o seu anuncio se publique no Boletín Oficial da Provincia, poderán acollerse a estas achegas – que terán unha contía máxima de 3.000 € coa que se pode cubrir até o 90% da acción – as entidades sen ánimo de lucro que, tendo a súa sede e domicilio social, teñan recoñecidos nos seus fins estatutarios a realización de actividades de fomento, promoción económica, comercio e formación empresarial que persigan a mellora e recuperación do municipio e a creación de emprego, autoemprego ou de novas empresas.

Os lucenses xa poden cursar online procedementos co Concello

A veciñanza de Lugo xa pode cursar telematicamente varios procedementos directamente coa área municipal da que dependen. Un sistema que, segundo explicou a rexedora, Lara Méndez, “incrementará a fluidez das relacións entre Administración e administrados, gañando en comodidade e axilizando os tempos de resolución”.

Entre outros, o Executivo local facilitará a dación en conta, por parte do seu titular, das lecturas do contador da auga, habilitando un mecanismo moito máis sinxelo e eficaz para notificar os consumos.

“O feito de poder trasladar a información de forma directa ao servizo de Augas, cubrindo os datos correspondentes en tempo e forma para que este departamento tramite o recibo servirá, alén de para facer unha lectura máis axustada, para racionalizar a xestión burocrática, xa que evitamos intermediarios. O único



requisito esixido é que sexa o titular da prestación quen o faga e que este se identifique ao inicio da sesión”, abondou Méndez.

De xeito similar, a veciñanza que precise dun certificado de empadronamento poderá solicitalo a través da Plataforma dixital. Unha petición que chegará ao Padrón, dende onde se emitirá o documento correspondente que lle será notificado á per-

soa interesada no mesmo expediente.

Xunto a estes dous procedementos, os lucenses, poderán tramitar tamén un duplicado dos recibos municipais, así como o xustificante que acredite que están pagos. Sen ben, nestes dous casos, as súas solicitudes serán remitidas ás áreas correspondentes para a posterior emisión dos mesmos.

Lugo recibe unha axuda estatal para a súa dixitalización

O Concello vén de recibir 366.500 euros dunha axuda provinte do Estado. Unha convocatoria destinada aos concellos de máis de 50.000 habitantes para a modernización e dixitalización de entidades locais.

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, explicou estas axudas que forman parte das medidas incluídas no Plan de Recuperación. A subdelegada resaltou a importancia de aproveitar as novas tecnoloxías para achegar os servizos públicos á cidadanía durante unha xornada celebrada esta mañá sobre o funcionamento da APP da Axencia Tributaria. No acto, organizado pola Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti, a subdelegada estivo acompañada pola delegada provincial da

Axencia Tributaria, Elena Rosendo. Isabel Rodríguez explicou que a aposta do Goberno pola modernización dos servizos públicos reflíctese en decisións como o apoio financeiro aos concellos para que avancen na dixitalización para mellorar o servizo que prestan aos cidadáns.

En 2022 e 2023 o Ministerio de Política Territorial abrirá este programa de axudas para a modernización e dixitalización, cunha dotación anual de 149 millóns de euros, a todas as entidades locais.

A subdelegada indicou que a xornada, centrada no funcionamento da APP da Axencia Tributaria, tivo por obxecto familiarizar aos cidadáns coas ferramentas creadas para facilitar as súas relacións coa Axencia.

Cs Lugo propondrá incentivar a instalación de fosas sépticas no rural

O edil de Cs en Lugo, Juan Vidal-Pardo avanzou que o seu grupo propondrá no vindeiro pleno municipal incentivar a instalación de fosas sépticas biolóxicas no rural do municipio.

Para a formación laranxa, o rural “é o gran esquecido nas políticas municipais deste Goberno”. O edil considerou preciso corrixir o “agravio” con iniciativas encamiñadas a “equiparar a calidade de vida da zona urbana e a rural”.

“Consideramos fundamental que o Concello implíquese subvencionando ata o 75% destes equipamentos naquelas zonas do municipio nas

que é inviable que a rede de saneamento desenvólvese na vindeira década”, sinalou Vidal-Pardo.

Para Cidadáns, as características do municipio, con 54 parroquias, e unha dispersión poboacional importante fóra do núcleo urbano, “convirte o obxectivo de estender a rede de saneamento a todos os núcleos do municipio nunha misión costosa, pouco realista e cun alto nivel de dificultade de execución coa actual tecnoloxía dispoñible”.

Vidal-Pardo considera unha “realidade obxectiva” afirmar que é “necesario seguir avanzando de maneira

progresiva na extensión da rede de saneamento cun Plan director claro que fixe os obxectivos deste concello para a vindeira década”.

“De forma complementaria a esta extensión da actual rede de saneamento a futuro, é unha obriga deste Goberno proporcionar solucións inmediatas aos núcleos cuxa conexión á rede de saneamento é máis complicada polas súas particularidades orográficas ou pola súa distancia da infraestrutura existente. E o é por varios motivos, pero sen dúbida o máis importantes de todos eles é o ambiental”.



Santander Consumer Finance

FINANCIACIÓN / LEASING / RENTING / CONSUMO

Estamos en LUGO / OURENSE / PONTEVEDRA / A CORUÑA / SANTIAGO

Avda. A Coruña, 439 - 27003 Lugo / Tel.: 982 20 20 82 / Fax: 982 21 78 33

Lugo di adeus ao tapón urbanístico no barrio Feijóo

A área de Infraestruturas Urbanas do Concello de Lugo informou da finalización dos traballos de mellora da accesibilidade na unión do barrio Feijóo coa avenida da Coruña. Así o explicou o titular da área, Alexandre Penas, que resaltou que na zona “había un muro que encollía o espazo dispoñible para as persoas, e producía mala imaxe”.

A concellería de Infraestruturas Urbanas executou o derrubamento do muro e ampliou a

beirarrúa “gañando espazo para as persoas e eliminando o feísmo das rúas de Lugo”, afirmou Alexandre Penas.

O edil destacou a importancia desta actuación “que aínda que non supón un custo elevado para o Concello, mellora o día a día de moitas persoas”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “esta é unha intervención importante que nos permite continuar a mellorar o estado dos distintos barrios de Lugo”.

O Concello pide opinión á veciñanza para recuperar os barrios da cidade

O concello de Lugo presentou á veciñanza do Sagrado Corazón o Plan de Embelecemento Urbano para acondicionar, arranxar e recuperar os barrios da cidade, que se levará a cabo a través dun centro de emprego de iniciativa social.

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, informou que, neste senso, se activará unha campaña de participación cidadá.

Neste senso, a rexedora explicou que o programa de mellora dos barrios irá acompañada dun programa de participación cidadá. “Con dous obxectivos: que a veciñanza nos faga chegar as súas demandas, pero tamén para que se implique na protección dos espazos que sons comúns”. O Plan de Embelecemento conta cun investimento de 260.000 euros en dous anos. O contrato adxudicouse ao centro especial de emprego e iniciativa social Coregal Parques e



Xardíns, xa que outro dos fins que se perseguen é facilitar a inclusión no mercado laboral das persoas con discapacidade.

O Concello habilitará varias vías para que os cidadáns poidan enviar as súas propostas tanto de forma telemática, a través da páxina web www.alcaldialugo.gal ou enviando un WhasApp ao 623 200 872; como de forma presencial.

O BNG solicita a Rueda que siga coa rehabilitación da Tinería

O BNG de Lugo reclamou ao novo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, que retome as actuacións de rehabilitación do barrio da Tinería. O tentente de alcalde do Concello de Lugo, Ruben Arroxo, considerou “preciso” retomar este proxecto, despois de 12 anos “de abandono do Partido Popular”.

O Tenente Alcalde afirmou que “mentres desde o Goberno de Lugo traballamos para mellorar a imaxe da cidade e da contorna da Muralla,

a Xunta continúa a deixar esta zona da cidade abandonada”. Arroxo lembrou que o proxecto impulsado polo BNG cando tivo responsabilidades no goberno galego fora merecente do Premio Dubai de Boas Prácticas outorgado polas Nacións Unidas. O premio valoraba a recuperación do patrimonio por unha iniciativa pública, a rehabilitación dun barrio á carón da Muralla de Lugo, porque posibilitaba a recuperación da actividade comercial e social do barrio.

Conta atrás para rematar as obras de peonización da Mosqueira

O Tenente Alcalde de Lugo, Rubén Arroxo xunto co edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, e persoal técnico municipal visitaron a Mosqueira onde se colocou o céspede das zonas verdes. Rubén Arroxo destacou que “damos un paso máis para rematar a humanización da Mosqueira, unha actuación que será un exemplo de como gañar espazo peonil arredor da Muralla”.

Os traballos na praza da Mosqueira que se están a executar nestas semanas consisten na habilitación das zonas verdes. Nos últimos días colocáronse tamén as árbores ornamentais, Prunus globosa, unha especie que non produce alerxias, e permitirá que a Muralla manteña o protagonismo na praza.

A nova praza da Mosqueira será un espazo multiusos, con zonas verdes e espazo para a realización de actividades culturais e



O tenente Alcalde, Rubén Arroxo, visitando os últimos traballos

de ocio, na que se respectará a visión dos arcos da Mosqueira e do edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira. O proxecto foi realizado co obxectivo de avanzar na mellora da percepción visual da Muralla, e a zona inferior, próxima á porta de San Pedro, conta cunha pavimentación novidosa en Lugo, que alterna céspede e baldosas.

A Mosqueira acollerá unha estatua dunha polbeira, elaborada polos artistas locais Honorio e Jorge Espiral, esta intervención será unha homenaxe a todas as polbeiras que se colocaban nesta zona cada feira de San Froilán. A estatua representará un anaco da historia de Lugo e lembrará a todas as mulleres que realizaban este traballo.

Arroxo anuncia novas melloras no barrio do Sagrado Corazón



Visita de Arroxo ao barrio do Sagrado Corazón

O tenente de alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, informou hoxe que o Goberno ampliará a renovación da praza do Sagrado Corazón. En palabras de Arroxo, a área de Infraestruturas traballará na imaxe da contorna cunha nova intervención na pasarela que da acceso ao ascensor.

“A actuación comezará a executarse nas vindeiras semanas”, explicou o vicealcalde.

O Goberno local retirará o pavimento e demolerá o muro actual, para instalar outros novos que den continuidade o acceso do ascensor. Contará con elementos metálicos e de vidro. Ademais, instalaranse novos elementos para a recollida das augas pluviais

que evitará filtracións na zona.

A actuación ten un orzamento de 47.825 euros e os traballos arrancarán nas próximas semanas. A renovación da praza do Sagrado Corazón converteu este lugar nun espazo aberto e amable coa veciñanza, ademais de permitir a renovación da rede de alumeados.

CULTURBAN. Asemade, o tenente de alcalde lembrou que a praza do Sagrado Corazón será un dos puntos clave no festival de arte urbano Culturban. A mostra de arte de rúa promovida pola área de Cultura, achegará este ano unha gran selección de artistas cunha dilatada traxectoria mural.

A Xunta construírá 57 vivendas de promoción pública no Castiñeiro

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda prevé licitar a redacción do proxecto e a dirección de obra das 57 vivendas de promoción pública que construírá na rúa Lorenzo Varela Poeta do barrio do Castiñeiro, e que suporán un investimento estimado de 7,8 millóns de euros.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, fixo este anuncio hoxe logo de participar no acto de entrega aos adxudicatarios de tres vivendas de promoción pública situadas tamén na cidade de Lugo.

En concreto, entregouse un piso de 77 metros cadrados na rúa Paulo Fabio Máximo con tres dormitorios, garaxe e trasteiro; outro de 71 metros cadrados na Avenida da Coruña, con dous dormitorios, garaxe e trasteiro, e un terceiro de 63,5 metros na rúa Aquilino Iglesias Alvareño, con tres dormitorios e garaxe. Todos eles adxudicáronse en réxime de alugamento.

Arias tamén apuntou que a Xunta está a convocar este ano ata unha trintena de programas de axudas para a adquisición ou mellora de vivendas, poñendo á disposición de particulares, entidades locais e promotores máis de 150 millóns de euros para actuar no eido residencial.

O Concello reclama á Xunta que invista no calmado do tráfico

O concelleiro de Infraestruturas, Alexandre Penas, reclamou á Xunta unha serie de actuacións que incidan no calmado do tráfico nas vías autonómicas ao seu paso por Lugo. Penas explicou que “desde o Goberno levamos anos traballando no calmado do tráfico nas distintas zonas, e continuamos a recibir peticións veciñais reclamando novos elementos como pasos de peóns elevados”.

O edil de Infraestruturas explicou que “vimos de trasladar á Xunta unha solicitude reclamando actuacións nas rúas Fisterra e Monte Faro, atendendo ás múltiples solicitudes que recibimos das veciñas e veciños da zona”. Alexandre Penas destacou que nestas zonas é preciso avanzar no calmado de tráfico, “dado que na contorna podemos atopar instalacións deportivas e parques infantís que contan cunha gran afluencia de veciños e veciñas”.

Nos últimos anos, a concellería de Infraestruturas construíu máis de 50 pasos de peóns elevados en distintas zonas da cidade. Nas primeiras actuacións comezouse coa construción de pasos de peóns elevados nas contornas dos centros escolares, e continúa avanzando no resto de zonas. A área de Mobilidade vén de activar a humanización de Gallego Tato, o seguinte paso na mellora das zonas escolares cun novo plan de que comezará no Luís Pimentel.

O PP solicita ao Concello humanizar parte da N-VI



O PP pide o que califica como unha “actuación prioritaria” para Lugo. Trátase da humanización da porta de entrada a Lugo pola Nacional VI. Un treito dun quilómetro e medio que transcorre entre o acceso á avenida de Madrid, ata a ponte Branca. E para o que o Concello de Lugo deberá “facer as xestións necesarias” co Goberno do Estado para pedir a cesión deste treito de vía.

Os populares explican que “unha vez conseguida a súa titulariedade se debería planificar unha actuación integral con cargo aos fondos europeos de recuperación”. O voceiro popular Ramón Carballo explicou que o obxectivo desta iniciativa “é converter o quilómetro e medio da Nacional VI, nunha vía urbana co ánimo de mellorar a se-

guridade vial, impulsar a mobilidade de sostible e facer cidade”.

O voceiro popular, Ramón Carballo, avanzou que “será necesario identificar os puntos onde é necesario intervenir para presentar unha proposta de actuación que daría continuidade ás intervencións que, dentro da estratexia DUSI, está a levar a cabo o Concello de Lugo na zona do Anxo Carro e o barrio da Ponte”.

O popular explicou que “este é o momento de abordar este proxecto porque tamén está previsto que, por fin, o Ministerio faga a rotonda da Nacional VI á altura de Alfonso X”. “Debemos ser ambiciosos e ter unha perspectiva global para evitar a política de parches á que nos ten tan acostumado este goberno que só traballa a golpe de eleccións”.

A Deputación urxe a reparar as rotondas da Campiña e Nadela

O pleno da Deputación urxirá ao Estado a reparar as rotondas da Campiña e Nadela. O Bloque Nacionalista Galego foi quen elevou esa moción á sesión para expoñer o “lamentable” estado do pavimento en dous dos principais accesos á cidade de Lugo. O grupo nacionalista acadaba así o apoio unánime da corporación para reclamar ao Estado o acondicionamento “urxente” do firme nestas entradas a Lugo que, nalgúns casos, faise “intransitable nalgún dos carrís”.

Ademais, os nacionalistas resaltaron o deterioro dos carrís que “avanza día a día polo volume de tráfico destas vías” que, lembrou a formación, son de uso habitual para a veciñanza de distintas comarcas.

AFUNDIMENTO. Por outra banda, o Concello avanza na reparación do afundimento da rotonda de Garabolos. Así o informou o edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, quen asegurou que o Goberno local está a realizar estas obras na glorieta ubicada na intersección



da Avenida da Coruña coa Rolda Norte.

Penas explicou que se trata dunha “reparación importante” nunha das vías máis transitadas diariamente “ao tratarse dun dos principais puntos de entrada á cidade, tanto desde a Rolda Norte como desde a N-VI”.

A concellería de Infraestruturas planifica dividir os traballos en varias fases “para tratar de reducir ao máximo as molestias que produce unha obra deste tamaño”, explicou Alexandre Penas, que engadiu “buscamos evitar un corte total do tráfico

rodado nesta rotonda”. A concellería de Infraestruturas executará os traballos durante os meses de verán, dado que se trata da época na que esta vía acolle menos tráfico.

Os traballos consistirán na creación dunha nova placa de formigón e asfalto no percorrido da rotonda, para o que será preciso actuar en gran parte do percorrido da mesma. Alexandre Penas explicou que “é unha actuación importante para Lugo que temos que realizar garantindo sempre que a veciñanza poida seguir circulando pola cidade”.



Denuncian o estado de ruína de dous inmobles do casco histórico

A asociación Lugo Monumental denuncia o estado de ruína que presentan algúns inmobles do casco histórico. En especial, centran a súa atención en dous deles que “afectan notablemente aos locais contiguos”.

Trátase de dúas casas que, segundo critican, están causando problemas. E é que, unha delas atópase na praza do Campo, zona dos viños do casco histórico e unha das zonas con máis afluencia de xente. A outra está na rolda interior da Muralla, na rúa do Moucho, colindando co Vicerreitorado da USC.

Segundo critica a asociación, ambas vivendas supoñen graves perxuízos para a zona. No primeiro caso, un valado amarelo, corta dende hai meses o paso entre as terrazas de dous locais de hostalería. No segundo dos casos, o valado mantén cortada a rolda interior dende hai anos.

En palabras de Lugo Monumental, a lei deixa “moita marxe de manobra para evitar estas situacións”. Lembran que o Concello poder

acudir á sanción, á execución subsidiaria ou mesmo á expropiación forzosa.

“As leis do Chan de Galicia e de Rehabilitación de Galicia vinculan estas medidas á acción conxunta de Concellos e administración autonómica”, explica o colectivo que xa se dirixiu a ambas administracións para trasladarlles a situación e pedir solucións.

“O que resulta inaudito é que unha rúa estea cortada durante anos pola ruína dun inmovle, tal e como ocorre na rolda interior á altura, nada menos, que da Catedral de Lugo e o Vicerreitorado. Un valo impide o paso e o edificio lindero coa sede universitaria está apuntoado contra a propia Muralla de Lugo, Patrimonio da Humanidade”, critica o colectivo. Lugo Monumental lamenta, igualmente, que non sexas os únicos inmobles en mal estado do casco histórico, “algo paradoxal se se ten en conta que se busca a súa declaración como Patrimonio da Humanidade”.

RAXERIA LAXA

ESTE ARDE LVCVS PRVEBA
NVESTRA ESPECIALIDAD EN
CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO. LUGO - TEL.: 982 216 536
www.raxerialaxa.com

Peonalizarán a rúa Gallego Tato, di Arroxo



O Concello peonalizará a rúa Gallego Tato, no barrio da Piringalla. Así o explicou o tenente alcalde, Rubén Arroxo, quen presentou o proxecto das obras que avanza nas actuacións nas contornas escolares.

Arroxo afirmou que estas accións de calmado do tráfico ao redor das escolas comezou hai dous anos e medio e continúa agora “coa mellora das zonas escolares cun novo plan de humanización que comezará no colexio Luís Pimentel”.

O Goberno local humanizará o treito que comunica a rúa Lavandeira coa Magnolia. O vicealcalde, que se reuniu coa Anpa do CEIP Luís Pimentel destacou que se trata da escola con máis estudantes na cidade, situado nunha zona onde

conflúen outros centros e instalacións deportivas. “Faise necesario contar cun espazo humanizado para o desfrute da veciñanza”.

O Goberno abrirá o procedemento de licitación cun orzamento base de 259.249,82€. “Buscamos executar a obra nas vacacións de verán, para que co comezo do curso a maior parte dos traballos xa estén realizados, tratando de producir as menores molestias posibles ao normal funcionamento do centro escolar”, declarou Arroxo.

“Este proxecto será o espello no que continuar avanzando na humanización dos centros de ensino, tal e como nos veñen solicitando tanto as directivas como as asociacións de nais e pais dos distintos centros”, explicou.

Méndez propón un proxecto turístico na Fábrica da Luz

Lara Méndez anunciou que recorrerá aos fondos Next Generation para impulsar un proxecto baseado na enogastronomía. Un factor que tildou de “prioritario” nas políticas turísticas do Goberno central e do autonómico.

Lugo é un destino “que baseou o seu crecemento en tres piares esenciais que tamén teñen contribuído a posicionala”, dixo Méndez. A rexedora sinalou a historia, a gastronomía e a natureza como estes eixos principais.

“O obxectivo é alcanzar segmentos de visitantes que valoren ese bo comer que nos caracteriza como un elemento motivador da viaxe, ofrecendo reclamos patrimoniais e paisaxísticos, e que esa tríade sexa o fundamento do modelo de turismo sostible e de calidade que nos defina nos vindeiros anos”, afirmou a rexedora.

Lara Méndez avanzou tamén que, dentro dos eixos previstos na convocatoria dos Fondos Europeos e encamiñados a favorecer a transición verde, o Goberno local pretende recuperar na ribeira do Miño o edificio da Fábrica da Luz como un centro de enogastronomía.

“A intervención se encadrará na en-



volvante do inmoible e na utilización de elementos pasivos para adaptar a construción ao cambio climático, que posteriormente poderá ser xestionada a través dunha colaboración público-privada”, sinalou.

Do mesmo xeito, dáselle pulo aos produtos de proximidade, con actuacións de obtención de recursos en entornos locais e contará, igualmente, cunha vertente expositiva, como sempre mantivemos, dentro da cal terá moito protagonismo o percorrido histórico da contorna”, revelou a alcaldesa. Méndez debullou que o proxecto contemplará outras accións vencelladas á eficiencia enerxética coas que se pretende fomen-

tar o uso da mobilidade eléctrica, establecer sinerxías con pemes do sector turístico e mesmo ofrecerlles formación e asesoramento.

“E todo iso, en prol de incrementar a nosa competitividade e en consonancia coas esixencias do Plan de Sostibilidade Turística en Destinos”, relatou Méndez.

A este respecto, a rexedora trasladou que o Concello activará un proceso de participación cidadá para recoller o sentir da veciñanza lucense e do tecido asociativo, coa intención de avaliar as súas suxestións para perfilar a proposta definitiva coa que a Administración local concorrerá a estas axudas.

O aparcadoiro do campo das Gándaras precisa un arranxo

O edil do BNG en Lugo, Alexandre Penas, reclamou onte ao Goberno do Estado unha solución para o aparcadoiro do campo de fútbol das Gándaras. Unha instalación que ten un “avanzado estado de desgaste”. O edil afirmou que “constantemente” moitos veciños que asisten ao campo habitualmente realizan esta reclamación, xa que “non contan con accesos nin espazos de estacionamento dignos”.

Alexandre Penas explicou que “desde as áreas de goberno que xestionamos desde o BNG tratamos de resolver as reclamacións que nos chegan, mellorando a calidade de vida da veciñanza no menor tempo posible”. Segundo o edil nacionalista, “o goberno ten que lembrar que Lugo existe e manter as súas instalacións nun bo estado de conservación”.

CEMITERIO. O Concello de Lugo vén de comezar os traballos de renovación do asfaltado do aparcadoiro exterior do Cemiterio Municipal. O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, e a edil de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, visitaron

hoxe este espazo.

“Trátase dos viais que unen o cemiterio coa estrada de Esperante e coa Estrada Vella de Santiago, unha zona cuxo asfalto está xa moi desgastado e que fai preciso realizar unha actuación integral para garantir o funcionamento axeitado deste vial”, dixo o vicealcalde.

Os traballos, que supoñen un investimento de 71.722 euros, arrancaron hoxe coa limpeza do firme. Ao longo de 21 días aplicarán unha nova capa de rodadura.

Rubén Arroxo destacou o traballo executado pola Tenencia de Alcaldía nos últimos anos para garantir as mellores condicións posibles no Cemiterio Municipal.

“Durante o 2020 ampliamos o cemiterio, primeira ampliación que se fai desde o 2006, e nos últimos anos consolidouse a programación cultural, que se realiza de xeito estable durante todo o ano”, afirmou o concelleiro, que engadiu “continuamos a traballar na mellora do Cemiterio para consolidalo como un referente internacional no eido dos cemiterios patrimoniais”.

Avanzan a bo ritmo en Infanta Elena as obras de desdoblamento

O desdoblamento da avenida Infanta Elena, avanza a bo ritmo. Así o destacaron o Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé, e a alcaldesa da cidade, Lara Méndez, achegáronse hoxe ata esta zona onde esta semana se desenvolven os traballos de aglomerado do firme.

Durante a visita, José Tomé destacou que o bo ritmo ao que avanza os traballos, nos que a institución provincial inviste máis un millón de euros, fai prever que a execución do proxecto estará rematada no mes de xuño. Así, explicou que, tras acometerse as obras de fábrica, nesta semana completárase a capa de afirmado se as condicións meteorolóxicas o permiten, o que permitirá abrir a vía ao tráfico rodado, para logo proceder á dotación de sinalización horizontal e vertical e á plantación do arboredo, co que quedarán concluídas as actuacións.

“Hoxe por hoxe vemos moi próximo o fin destas obras, unha gran noticia para o Concello e para a Deputación porque este proxecto beneficia aos veciños e veciñas da cidade, pero tamén de toda a provincia, sobre todo



Visita do presidente da Deputación ás obras xunto á alcaldesa

ós que veñen da parte norte”, destacou o mandatario provincial.

Grazas a este proxecto promovido polo Concello de Lugo e financiado integramente pola Deputación de Lugo, o treito da Avenida Infanta Elena que vai dende o enlace coa Ronda Norte á glorieta 25-N pasará a ter entre dous e tres carrís de circulación por cada sentido, unha rotonda á altura de Paulo Fabio Máximo, carrís bici, beirarrúas, iluminación LED, mobiliario urbano e arboredo en todo o percorrido, o que mellorará a seguridade e comodidade de condutores e peóns, así como a fluidez do

tráfico.

O Presidente da Deputación e Alcaldesa de Lugo estiveron acompañados pola Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e polo Concelleiro de Medio Rural e Medio Ambiente, Miguel Fernández Méndez.

Así mesmo, que o treito que está a día de hoxe en obras é a primeira fase dunha actuación que se completará cunha segunda fase para chegar ata a rotonda do Ceao.

Consólidase no CEIP de Albeiros o uso dos Vieiros Escolares Seguros

O Concello de Lugo continúa traballando na seguridade viaria dos nenos da cidade. Neste sentido, o tenente alcalde, Rubén Arroso e o edil de Educación, Felipe Rivas, participaron nos Vieiros Escolares Seguros, postos en marcha pola concellería de Educación no colexio de Albeiros.

Arroso explicou que “con esta iniciativa buscan crear o hábito de ir a pé ao colexio”, e considerou que as iniciativas de calmado do tráfico que executou a área de Mobilidade “permitiron que este colexio fose un bo escenario para pór a andar este proxecto”. “Comezamos no colexio de Albeiros, a modo de proxecto piloto ata final de curso, e para o vindeiro ano continuaremos a expandir os vieiros a máis centros”, explicou o Tenente Alcalde. Actualmente, as nenas e nenos que acoden ao colexio de Albeiros poden realizar dous percorridos, segundo a zona na que residen. O



Rapaces de camiño ao colexio

primeiro, parte desde a rúa do Xenebro, e continúa pola rúa Illa de Ons, percorrendo a senda peonil habilitada pola área de Mobilidade no pasado verán. O segundo percorrido chega ao centro a través da rúa Illas Canarias. Ambos percorridos contan con monitoraxe, e permiten que as nenas e nenos se vaian unindo ao longo do camiño, segundo a súa zona de residencia.

A posta en marcha dos vieiros escolares implica tamén “un cambio nas tendencias da mobilidade, reducíndose o uso do vehículo privado”, explicou Rubén Arroso, que afirmou, “en todas as cidades nas que se promoveron, vimos como se eliminaron os problemas de tráfico nas entradas e saídas dos centros de ensino que actualmente podemos ver en Lugo”.

O PP pide unificar os criterios para as licenzas de Urbanismo

O Partido Popular presentou no pleno unha proposta para que o Goberno local “habilite un certificado ou unha resposta por escrito na que conste o criterio que aplique o técnico que revisa o expediente dunha petición de licenzas co ánimo de evitar que en sucesivos trámites o concello poida cambiar a interpretación e afectar a obra ou proxecto”. Esta iniciativa xorde dos populares logo de que tiveran recibido “a diario” queixas de arquitectos, aparelladores, promotores ou particulares. Así o denuncia o vicevoceiro popular, Antonio Ameijide, ao indicar que “a tónica habitual en Lugo” é que os técnicos orienten sobre como facer unha obra “e te validen, de palabra, o que está permitido para logo, ao caer o expediente en mans doutro técnico, se aplique outro criterio diferente”.

Asemade, os populares, denuncian que “hai moitos casos” nos que se fai “unha interpretación diferente da normativa” segundo que técnico o tramite.

Para Ameijide, “este baile de criterios na tramitación das licenzas de obra está provocando unha inseguridade e incerteza aos cidadáns así como perdas para promotores”. O popular explica como “nun primeiro momento se lles da para diante un proxecto, tras consultar na concellaría de urbanismo os criterios

necesarios para que se autorice sen problema, pero logo, coa mesma normativa en man, se lles poñen mil pegos ou se lles denega a intervención”.

Para Ameijide a alcaldesa “cos seus últimos anuncios sobre cambios na concellería de urbanismo tenta branquear a falta de dirección política” matizando que “son cambios que non entran no fondo do problema xa que segue habendo moito atraso na resolución das licenzas, moito enfado de promotores, de técnicos e de cidadáns”.

Con respecto ao último paso dado que no que se avanza “unha instrución para dar licenzas de obra con proxectos básicos sen agardar aos proxectos de execución se pregunta porque agora si e antes non” os populares anuncian que pedirán explicacións en comisión sobre “se houbo algún cambio na lexislación que permitise este cambio na tramitación e, de non habela, queren saber por que non se fixo antes esta oferta aos promotores”.

CONCELLO E COAG. A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, reuniuse coa presidenta do Colexio de Arquitectos de Lugo, Carmen Figueiras para presentarlle a nova instrución ditada polo Coordinador de Urbanismo que, dende o pasado 18 de abril, permite aos promotores de

obra maior, iniciar a tramitación da licenza presentando só un proxecto básico.

Esta medida nace do Executivo local coa vontade de axilizar a tramitación burocrática das licenzas.

Asemade, Méndez propuxo á presidenta do Colexio explorar novas vías de colaboración entrámbolos dous organismos para que esa cooperación “redunde na celeridade dos procedementos administrativos”.

A rexedora, entre outros asuntos, prantexou a posibilidade de que o COAG actúe como colaborador da Institución local; coa posibilidade de que o Colexio realice un Informe de Idoneidade Técnica e Urbanística que acredite que o proxecto de execución concorda coas indicacións técnicas validadas no primeiro.

Para que o Colexio estea habilitado para realizar este trámite, o Concello artellará unha Comisión de Seguimento e outra de tipo Técnico Mixta. Nesta última, quedarán determinados os requisitos ou aspectos técnicos e urbanísticos que deben figurar no informe “de xeito imperativo”. Isto posibilitará, ademais que o Concello poida avanzar, con maior dilixencia na resolución dos procedementos, permitiéndolle centrar a súa función nun labor “máis fiscalizador ou inspector orientado a verificar a conformidade da obra coa licenza outorgada”.

Mellorarán dous parques da Fonte dos Ranchos



Encontro de Lara Méndez cos veciños de Fonte dos Ranchos

O Concello de Lugo mellorará os dous parques infantís da Fonte dos Ranchos. Así o anunciaron a rexedora da cidade, Lara Méndez, e o edil de Medio Ambiente, Miguel Fernández, nunha reunión coa veciñanza da zona.

Así mesmo, o Goberno municipal avanzou que están a estudar o proxecto para a cobertura dun destes espazos, co obxectivo de resgardar a zona de xogos da choiva e doutras inclemencias meteorolóxicas.

As obras se inclúen no plan de creación, renovación e mellora das zonas de xogo existentes na capital, que se está a acometer por fases. “Se queremos unha cidade con bos parámetros de calidade de vida para a poboación a atención á infancia é clave

e iso pasa, tamén, por que contengan áreas de recreo onde socialicen e estimulen o seu desenvolvemento e aprendizaxe a través do xogo”, dixo. O parque infantil de Fonte dos Ranchos será, así, o cuarto de Lugo cuberto, xunto co de Augas Férreas, Agro do Rolo e a zona do Miño.

A rexedora adquiriu este compromiso nunha xuntanza coas persoas residentes na contorna, que se enmarca nas visitas periódicas que realiza aos distintos barrios para escoitar as súas demandas e inquedanzas. Así mesmo, Méndez explicou o Plan de Embelecemento e a campaña de participación aberta para que os e as lucenses presenten as súas peticións, que se pode consultar en <https://alcaldialugo.gal/>.

Adxudicada a renovación da rede de alumeado en Lugo



Arroso e Penas, visitando o barrio de Montirón

O tenente Alcalde, Rubén Arroso, anunciou que o Goberno de Lugo vén de adxudicar a renovación da rede de alumeado público na Rolda das Mercedes e en Xosé Castiñeira. “Con esta actuación avanzamos na mellora da rede de alumeado público da cidade e melloramos do mesmo xeito a imaxe desta zona”, afirmou Rubén Arroso.

A actuación adxudicouse cun orzamento de 52.162,91€. Os traballos consistirán na renovación das actuais luminarias de 150W, substituíndoas por luminarias led de 85W. Isto permitirá aforrar 1235W ao ano, evitando emitir 1.9 Tone-

ladas de CO2.

Desde a concellería de Infraestruturas continúa a investir na renovación da rede de alumeado, con distintos proxectos postos en funcionamento por toda a cidade, que se executarán durante o 2022. Nos últimos dous anos a área de Infraestruturas renovou o alumeado en múltiples zonas da cidade, instalando novas luminarias en rúas que non contaba con alumeado público, e reducindo a cantidade de luminarias con elementos contaminantes, como o vapor de sodio ou de mercurio instaladas na cidade.

O Concello inicia renovacións de rúas pola cidade bimilenaria

O Concello de Lugo vén de iniciar os traballos de renovación de tres novos viais na zona das Gándaras. “Trátase dunha actuación que complementa o traballo executado o pasado verán, co obxectivo de avanzar na renovación integral deste barrio da cidade”. Así o explicou o tenente de alcalde, Rubén Arroxo.

O Goberno local actúa nas rúas Ouriol, Garza e Tras do Colexio. A solución adoptada consiste na aplicación dunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Unha vez realizados estes traballos, renovarase a sinalización horizontal da zona. Esta intervención supón un investimento de 38.096,68€, para o asfaltado conxunto destas tres rúas, xunto co Camiño das Regas e a Pista da Fervedoira.

LUÍS SEOANE. Arrancan os traballos de renovación da rúa Luís Seoane, no barrio lucense da Milagrosa. Un proxecto importante para a “mellora estética do barrio” no que o Goberno local “aposta polo modelo de pla-

taforma única con preferencia peonil, un modelo que está a funcionar noutras cidades e que demostrou a súa viabilidade en rúas estreitas”.

Os traballos que veñen de comezar teñen un prazo de execución de 5 meses, e supoñen unha inversión de 388.429,75€ para o Goberno de Lugo. Xunto coa transformación da rúa, renovaranse tamén os servizos soterrados, como o alumeado, cuxa instalación se soterrará, e prepararse tamén o sistema de canalizado para facilitar o soterramento das instalacións de electricidade e telefonía. O modelo de Plataforma Única, permitirá gañar espazo para o tránsito peonil, sen afectar á dispoñibilidade de prazas de estacionamento.

Coa renovación do alumeado público avanzarase na implantación de luminarias LED, que contan con consumos inferiores ás luminarias instaladas actualmente, e terán unha tonalidade máis agradable que a actual.

A solución que executará o Goberno de Lugo eliminará as barreiras arquitectónicas da rúa, creando unha serie de espazos de relación e descanso que permitirán o disfrute da zona

por parte da veciñanza, potenciando o carácter vivo da rúa ao longo do día. Estes espazos de relación dotaranse de mobiliario urbano como bancos e papeleiras, xerando pequenas prazas que favorezan o carácter peonil do conxunto. Ademais, manteranse as árbores existentes na súa posición actual, garantindo zonas de sombra.

REGAS E FERVEDOIRA. O edil de Infraestruturas Urbanas do Concello de Lugo, Alexandre Penas, anunciou que se están a executar os traballos de renovación de dous viais na contorna da Fervedoira, na pista da Fervedoira e no Camiño das Regas.

A solución adoptada pola concellería de Infraestruturas Urbanas consiste na aplicación dunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Unha vez realizados estes traballos, renovarase a sinalización horizontal da zona.

BAL Y GAY. O Concello de Lugo vén de anunciar o inicio, nas vindeiras



Visita á rúa Bal y Gay

semanas, da obra de reurbanización da rúa Bal y Gay. O edil titular da área de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitou esta localización xunto ao tenente de alcalde, Rubén Arroxo.

“Trátase dunha rúa que conta cunha pavimentación de formigón moi desgastada e con beirarrúas insuficientes, que non permiten garantir a accesibilidade”, explicou Penas.

O edil considerou que con esta actuación, o concello seguirá avanzando na mellora dos espazos público para “gañar zonas para o disfrute das persoas e mellorando a accesibilidade”.

A nova distribución da rúa contará cun carril de circulación, un carril de estacionamento e unha beirarrúa ampla. Para garantir a seguridade das zonas peonil, separaranse da cal-

zada habilitando unha nova franxa axardinada.

Os traballos a executar por parte da concellería de Infraestruturas consisten na renovación da pavimentación da rúa, instalando un novo pavimento baseado en mestura bituminosa en quente, e garantindo tanto o espazo peonil como o espazo de estacionamento.

Xunto coas intervencións no espazo peonil e na calzada, renovarase tamén a canalización de alumeado e a rede de alumeado da zona, instalando novas luminarias LED, avanzando na renovación da rede de alumeado público da cidade con perspectiva de xénero e reducindo o consumo total da rede. A actuación foi adjudicada a Ovisa, tivo un orzamento de licitación de 207.107,22€ e un prazo de execución de 5 meses.

O PP esixe melloras na Louzaneta, na Ponte e a apertura do auditorio

O Partido Popular no Concello de Lugo lamentou a pasividade do Goberno local á hora de desenvolver o plan parcial da Louzaneta e recriminan “a falta de palabra dada pola rexedora de Lugo cando hai catro anos prometeu realizar este trámite”.

Asemade, destacou que “é unha vergoña que, a día de hoxe, sigamos na mesma situación, sen data e sen novas de cando será unha realidade este compromiso”.

E é que os populares reuníronse onte coa veciñanza do barrio da Ponte e As Arieiras e foron eles quen plantexaron este asunto. Precisamente, algúns dos empresarios das naves, segundo informan os populares, manifestaron “o seu malestar polo abandono do polígono”.

O vicevoceiro popular, Antonio Ameijide, comprometeuse a celebrar a vindeira semana un encontro monográfico con eles para buscar unha solución e presionar ao Goberno local para que axilice o desenvolvemento deste plan parcial.

Durante a xuntanza cos veciños tamén abordaron a necesidade de

mellorar esta entrada á cidade, unha maior perioricidade na limpeza das cunetas e a de impulsar o desenvolvemento dunha área de Rehabilitación no barrio da Ponte para recuperar edificios e espazos públicos e, así, atraer poboación e a creación de negocios.

“É necesario tomar o río como eixo da recuperación do barrio e para iso necesítase completar o cinto verde na unión Miño-Intre así como a recuperación da Fábrica da Luz e lembran que tamén se reclamou en reiteradas ocasións que se habilite un aparcamento, xa que a zona que hai é moi reducida e está desbordada cando hai bo tempo”, explicou Ameijide.

Por outra banda, o Partido Popular de Lugo protagonizou un novo acto reivindicativo en torno ao Auditorio de Magoi. Os concelleiros do PP quixeron lembrar ao Goberno local que o 23 de xuño de 2020 recibiron as chaves destas instalacións culturais. “Un edificio vangardista no que a Xunta investiu 25 millóns de euros e que, pola incapacidade ou falta de interese, segue hoxe pechado”.

O paso inferior da N-VI estará rematado a finais de xuño

Avanzan as obras do novo paso inferior baixo a Nacional VI. Así o comprobaron a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o edil de Medio Ambiente, Miguel Fernández. Deste xeito, segundo explico a rexedora “a previsión é que de cara a finais do mes que vén se poida restablecer o tráfico pola nacional, no seu traxecto habitual, e suprimir así o desvío que se habilitou provisionalmente”.

Actualmente, xa se executaron os dous estribos, encheuse o trasdós dos dous muros con material seleccionado e formigonáronse as vigas cargadeiro. Sobre o novo taboleiro nos vindeiros días esparcirase material para a formación da chaira da estrada nacional, de modo que se poida habilitar o tráfico por encima da nova estrutura.

Finalmente, executaranse as sendas peonís, repoiñerase a iluminación e servizos na N-VI e tamén se reparará o valado, que se levará a cabo coa mesma tipoloxía de peche que o existente, consistente en malla de simple torsión sobre pés dereitos separados 4m entre si.

A renovación e ampliación do paso



subterráneo baixo a N-VI enmárcase na estratexia DUSI Muramiñae, da Muralla ao Miño, financiada ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), e cuxo principal obxectivo é integrar o Miño na cidade, a través da zona do Carme e conseguir, deste xeito, unha cidade máis verde, sostible e moderna.

ROTONDA. O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) formalizou, no día de hoxe, o contrato das obras para a construción da rotonda que unirá á estrada N-VI coa avenida Alfonso X

O Sabio, en Lugo.

O obxecto deste proxecto é substituír a actual intersección en T por unha nova glorieta entre a N-VI e a avenida Afonso X O Sabio. Unha configuración propia do entorno periurbano. Con esta obra agárdase unha mellora na seguridade viaria na zona, ao facilitar os movementos de entrada e saída da cidade.

Unha actuación que requiriu a transmisión de titularidade dos terreos pertencentes ao Concello de Lugo e á Deputación, unha cesión que tivo lugar o pasado mes de xuño. As obras licitáronse o pasado mes de decembro.

DEPUTACIÓN

Lanza un programa de apoio ao emprendemento feminino

Nace o programa Feminino Rural. Donas do Rural. Donas de Si, unha nova iniciativa que dará apoio, formación e asesoramento de maneira gratuíta a mulleres empresarias e emprendedoras do rural para que melloren o seu negocio ou poidan poñer en marcha con garantías a súa idea emprendedora.

José Tomé anunciou que a institución provincial financia este proxecto integramente cunha achega económica de 40.000€ a través dun convenio de colaboración que asinará nos vindeiros días coa Asociación de Mulleres Empresarias de Lugo (AELU), a entidade que desenvolverá as distintas accións.

Co obxectivo de chegar ao maior número de mulleres posible e facilitar a súa participación, todas as accións do proxecto faranse de maneira deslocalizada, nas distintas comarcas.

O programa Feminino Rural. Donas do Rural. Donas de si arrancará nas vindeiras semanas e prolongarase



ata finais de ano. Nunha primeira fase, organizaranse almozos de traballo conxunto nos que participarán 175 mulleres nas 7 comarcas. En cada comarca habilitaranse 25 prazas co obxectivo de “crear sinerxías entre os establecementos de cada zona, fomentando o intercambio de coñecementos e de experiencias entre empresarias e emprendedoras que beneficien ós proxectos individuais de cada unha”, detallou Tomé. Despois, haberá unha segunda fase

onde participe unha selección de 5 empresarias e emprendedoras por comarca que saíran das reunións de traballo. Polo tanto, un total de 35 persoas recibirán unha formación e un asesoramento personalizados, que irán dirixidos a mellorar o funcionamento, gañar competitividade e abrir novos mercados no caso das empresarias que teñan os negocios en marcha, e para constituír e arrancar a empresa no caso das emprendedoras participantes.

Reclaman á Xunta un plan de recuperación do Camiño Real

A Deputación de Lugo reclámalle á Xunta de Galicia un plan de recuperación integral, sinalización e promoción do Camiño Real na provincia de Lugo. Unha petición que foi acordada por unanimidade no Pleno ordinario de maio, ao aprobarse unha moción defendida polo PSdeG.

A voceira socialista, Pilar García Porto, pediu que o plan se aplique á totalidade dos concellos polos que transcorre o trazado, “e non de xeito parcial como se fixo nos traballos do 2017”. Ademais, a proposta recolle que a Xunta de Galicia, tendo en conta as achegas das administracións locais, deseñe accións de promoción do Camiño Real como atractivo cultural e turístico, ligado á promoción xeral das diferentes rutas do Xacobeo na provincia de Lugo.

Este itinerario entra na provincia por Pedrafita do Cebreiro, percorre os concellos de Triacastela, As Nogais, Becerreá, Lánchara, O Corgo, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade e Begonte, e sae da provincia de Lugo por Guitiriz cara a provincia da Coruña. “A pesar das reclamacións, o Camiño Real de Lugo non ten acadado das autoridades da Xunta de Galicia a protección e a posta en valor que merece a súa importancia histórica”, subliñou.

52 rapaces participaron este ano no IlustrarNÓS



A Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos acolleu o acto de entrega de premios do II Certame Escolar de Ilustración IlustrarNÓS, convocado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Hugo Moirón Martínez do CEIP Fondo Nois de Foz, Aya Lafou Bouftini do IES Pedregal de Irimia de Meira, Ánxela Maneiro Pérez do CPI Dr. López Suárez de Friol e Claudia Pérez Barrientos do IES Río Cabe de Monforte foron as gañadoras e gañador do certame nas categorías 5 e 6 de Primaria, 1 e 2 da ESO, 3 e 4 da ESO e Bacharelato e Ciclos, respectivamente.

Os seus traballos foron elixidos entre os 252 deseños remitidos á área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo desde centros de toda a provincia, creacións ao redor do lema proposto nesta segunda edición do certame “Contra o cambio climático, actúo”, que convidaba a representar graficamente esa idea, visibilizando solucións fronte á emerxencia climática. As autoras das obras gañadoras foron agasalladas cun Ipad con aplicacións de deseño gráfico e cun lote das máis recentes publicacións en galego de álbum, banda deseñada e novela gráfica.

Conceden axudas para a dotación e mellora de servizos no rural

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a concesión das subvencións convocadas pola institución provincial a través do Programa para a Dotación e Mellora de Servizos Comunitarios por un importe total de 300.000€. Esta liña de axudas de concorrencia competitiva estaba dirixida a entidades asociativas da provincia para a execución de obras destinadas a mellorar a calidade de vida da veciñanza do rural.

As achegas provinciais -que oscilan entre os 1.000 e os 6.000€- están dirixidas a entidades asociativas, tales como asociacións e agrupacións de veciños e veciñas, comunidades de usuarios e usuarias de augas, comunidades de montes ou asociacións de gandeiros, agricultores ou produtores forestais de toda a provincia “para realizar investimentos en inmobles ou para equipamentos

que melloren a calidade de vida da xente, e fomenten e dinamicen o asociacionismo veciñal”, explicou García Porto.

Son un total de 55 entidades asociativas de toda a provincia as beneficiarias destas subvencións, grazas ás que realizarán actuacións como a mellora, adecuación do firme ou sinalización de vías públicas comunais; obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais nos que desenvolven a súa actividade; adquisición de equipamentos que resulten necesarios para o seu funcionamento; obras de mellora, reforma e reparación das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias; construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento e recuperación dos existentes, e tamén as súas captacións, canalizacións e acometidas.

O Pleno aproba un Plan de Medidas Antifraude para xestionar fondos europeos

O Pleno da Deputación aprobou na sesión ordinaria do mes de maio un Plan de Medidas Antifraude (PMA), dando así cumprimento a un requisito imprescindible para concorrer e executar Fondos Europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR). Un paquete de medidas -que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e coa abstención PPdeG- que terá unha duración indefinida, será revisado de xeito bianual e estará integrado por un código de conducta, un comité independente e responsable e unha avaliación anual de riscos.

Entre os obxectivos do PMA está o de instaurar na Deputación de Lugo unha cultura antifraude e de “tolerancia cero” que dará lugar á formación de todo o seu persoal adecuadamente e permitirá previr, detectar, corrixir e perseguir calquera conduta que poida constituír fraude, conflito de intereses, corrupción, dobre financiamento ou irregularidade.

Os destinatarios deste Plan serán todos os empregados e empregadas da Deputación, altos cargos e autoridades, pero tamén toda persoa ou entidade que participe nos proce-

dimentos abertos pola institución e nos que se executen fondos do PRTR.

Tal e como explicou o Deputado de Promoción Económica, este paquete de medidas terá unha duración indefinida, será revisado cada dous anos e estará integrado por un código de conducta, un comité independente e responsable e unha avaliación anual de riscos onde serán obxecto de avaliación 129 cuestións que teñen que ver con subvencións, contratacións, convenios ou encargos a medios propios.

PORTA A PORTA. Por outra banda, a Deputación urxe á Xunta a modificar o programa Coidados porta a porta “e que se poña a traballar para garantir o acceso permanente aos servizos sociosanitarios para toda a veciñanza do rural da provincia”.

A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Contas, Mayra García Bermúdez, cualificou este programa “dunha nova operación propagandística na que o único que interesa é ter 8 autobuses preelectorais en ruta de aquí ao 2023 por Galicia”.

AO NOSO CARÓN

castroverde

A ADR Comarca de Lugo organiza unha andaina para o día 18

A Asociación para o Desenvolvemento Rural Comarca de Lugo organiza para o vindeiro sábado, 18 de xuño, unha andaina que transcorrerá polo Concello de Castroverde. Con saída ás 10.30 horas e unha duración aproximada de hora e media, os participantes descubrirán as marabillas da localidade.

O roteiro terá inicio e fin na rotonda de Paderne, na LU- 530, e se desenvolverá seguindo a ruta de Soutomerille. A dificultade é baixa e percorre camiños rurais sen asfaltar, cun pequeno treito por estrada.

Os participantes na andaina poderán gozar de grandes visitas naturais e patrimoniais como os xacementos arqueolóxicos da Pallota ou Castro Peón ou o bosque autóctono.

Para participar é preciso inscribirse



chamando ao teléfono 982 238 000 ou ben no formulario electrónico dispoñible na web municipal. Deste xeito, recupéranse as actividades participativas unha vez superadas as restricións por mor da pandemia.

O municipio contará o vindeiro curso con tres casas niño

O Concello de Castroverde informa, a través dun bando municipal, da adxudicación de tres casas niño no municipio. Para o vindeiro curso, estas casas niño acollerán ennos dende os 3 meses e ata os 3 anos e serán de balde para os usuarios (5 por cento).

As casas niño ofrecen a atención integral e personalizada por un máximo de 8 horas. Esta atención, combina os tempos destinados á rutina de soño, comida e hixiene, segundo as idades, con actividades específicas de aprendizaxe.

O servizo desenvolverase con carácter gratuíte de luns a venres durante todo o ano, excepto festivos e o mes de vacacións.

Para máis información, o Go-



verno local remite ás propias titulares de cada centro. Sendo así Sandra López Reguera, a encargada da Casa Niño Un recanto con encanto, en Outeiro-Monte, coa que se pode contactar a través do teléfono 647 671 049.

Na Casa Niño de San Xulián de

Pereinamá, Berce de Bicos, Olaya Fernández Coronado Alonso será a titular coa que contactar no 636 777 429. Por último, en Coidando dos soños, no lugar de Vilariño, pódese contactar con Sara Álvarez Valle, no 679 114 970.



Rubén Otero, voceiro popular

Os populares piden solventar as eivas do SAF

O Partido Popular de Castroverde considera "urxente" adoptar medidas para solventar as deficiencias que, segundo indican, presenta o Servizo de Axuda no Fogar. Así o informou o voceiro popular, Rubén Otero, quen avisou ao alcalde da localidade, José María Arias, de que "se poña a traballar" neste eido. Otero, quen asegura que algún particular xa ten presentado queixas formais, lembra que a xestión do SAF depende "única e exclusivamente do Concello e, polo tanto, do alcalde".

Días atrás, segundo o popular, Concello e Xunta recibiron un escrito de queixa no que se poñían de manifesto certas irregularidades no servizo. O popular lanzaba, así, unha

mensaxe ao alcalde: "Señor Arias, atenda as queixas dos veciños e da oposición, póñase as pilas e resolva os problemas, porque este servizo é imprescindible para moitos dos nosos veciños e hai que prestalo como é debido".

Ademáis, Otero esixe ao rexedor que "faga o que ten que facer para dar aos usuarios do SAF de Castroverde o servizo que merecen".

Outra das peticións dos usuarios e os traballadores do servizo, segundo informa Otero, é que o Concello asuma directamente a xestión do SAF.

Neste senso, o popular asegura que hai un forte descontento entre os traballadores do SAF "e non só por cuestións económicas".

Varios campamentos infantís para o verán

Volve o programa Concilia en Rábade organizando varios campamentos e actividades que terán lugar nos meses de verán.

Unha das primeiras actividades a realizar será o campus de patinaxe, dirixido a nenos de entre 4 e 15 anos en horario de luns a venres de 9:00h a 14:00h e o prezo é de 20 euros. Impartirase os días 27, 28, 29 e 30 de xuño e o 1 de xullo.

Así mesmo, haberá un campamento urbano para os pequenos de 4 a 12 anos que se prolongará entre o 1 e o 15 de xullo co mesmo horario de 9.00 a 14.00 horas e con un prezo de 20 euros. Para a mocidade de ESO e 1º de BAC está previsto un campamento multiaventuras que terá lugar en viveiro e que se celebrará os días 22, 23 e 24 de xuño. Ten un prezo de 70 euros.

O Concello de Rábade ten previsto outro campamento máis, nesta ocasión de verán, que se desenvolverá do 11 ao 15 de xullo, tamén de luns a venres en horario continuado de 10.00 a 20.00 horas. Terá un prezo de 30 euros e poderán participar todos os nenos e nenas que cursen entre segundo e sexto de Primaria.

Completa a programación uns obradoiros de manualidades e



creatividade que se desenvolverán os martes e os venres entre as 17.00 e as 18.00 horas para nenos de 4 a 16 anos. Esta actividade, que é gratuíta, dará comezo xa o 24 de maio.

Tamén de forma gratuíta, desenvolverase un taller que leva por título Coñecendo o Miño, a súa flora, a fauna... en piragua! Será os luns e mércores entre as 11.00 e as 12.00 horas para nenos e nenas de 8 a 16 anos. A actividade terá lugar os luns e mércores.

As prazas para todas estas actividades son limitadas polo que haberá que inscribirse antes. O prazo está aberto ata cubrir prazas en horario de 9.00 a 14.00 horas na Área de Cultura e Deporte do Concello.

rábade

Abre a exposición de pintura Dúas Artes durante un mes

A Casa do Concello de Rábade acollerá dende este xoves, 19 de maio, unha exposición conxunta baixo o título Dúas Artes, con obras de Carlos Santos e José Luís Bibí.

A inauguración da mostra terá lugar ás 19.00 horas e poderá visitar en horario municipal ata o 20 de xuño.

Durante un mes os veciños da localidade poderán coñecer a obra do pintor Carlos Santos e do escultor José Luis Abeledo, máis coñecido como Bibí. Eles chegan á comarca desde as terras do Deza. O pintor, natural de Riosucio e formado en Cartaxena de Indias (Colombia) leva anos residindo en Lalín e, despois de varias actividades expositivas e artísticas que o levaron desde Ecuador, Alemaña, Suíza e xa en España, Ferrol, Madrid ou o mesmo Lalín, achega a súa obra a Rábade coa serie de pintura titulada Entropía nas herdanzas.

O escultor Bibí, tamén de Lalín, presenta varios dos seus Ferranchos, diversos deseños formais de evocación xeométrica a base de cerámica, madeiras erosionadas ou ferro envellecidos, todo materiais que tiveron unha vida anterior.

“No 2015 demos a coñecer unha variante do Camiño, a Vía Küning”

Xabier Moure, voceiro do colectivo Patrimonio dos Ancares

Cando se creou o colectivo e con que obxectivo?

O colectivo fundámono no ano 2011 co obxectivo de preservar e divulgar o patrimonio, tanto material como inmaterial, da comarca dos Ancares. Cando falamos da comarca, referímonos a cada un dos seus recunchos, non só a eses catro ou cinco sitios que sempre aparecen nas informacións, léase medios de comunicación, na rede, folletos...

Canta xente forma parte del?

Somos un grupo pequeno, cando a constitución acordamos que as persoas integrantes tiñan que involucrarse dunha forma activa. Nos seis concellos da comarca contamos con 23 persoas, e unha vintena de fóra.

Malia o nome Patrimonio dos Ancares, teñen un espazo de traballo máis amplo. A que é debido?

Galicia é unha mina canto a patrimonio pero, por distintas causas, hai concellos que foron menos estudados. O que facemos é tirar de mapa e mirar aquelas zonas onde os achados documentados son escasos ou inexistentes, e alá imos. Nos últimos anos, avisados por persoas amantes da historia, incrementamos as visitas a distintos lugares, tanto para comprobar a existencia de novos xacementos como para asistir a atentados patrimoniais que, por desgraza, continúan a ser frecuentes.

Cales son os principais descubrimentos que se fixeron?

Máis que descubrir, nós preferimos a palabra documentar. Produciunos moita ilusión cando documentamos os primeiros petróglifos da comarca no mes de agosto de 2013, ata ese momento críase que era unha zona erma. Dende aquelas levamos 27 grupos, entre outros os situados a maior altitude de Galicia (1.800 metros). A estes temos que sumarlle medio cento de mámoas, unha ducia de castros, tres xacementos de época romana, un par de asentamentos medievais, restos de tres capelas das que existía tradición pero ignorábase a ubicaban, etc. Ata o presente tamén levamos recollidos máis de 1.200 nomes de penas (moitas con lenda asociada); aínda que un número importante desapareceron, temos localizadas unhas 500. Canto ao patrimonio inmaterial, levamos recollidas máis de 1.500 lendas e tradicións. Fóra da comarca dos Ancares, na provincia de Lugo, principalmente, e nas da Coruña e Ourense levamos documentados máis de 150 xacementos. Tamén algún no Bierzo.

Que cambios aportaron á historia da

provincia?

No tocante á comarca dos Ancares, ata non hai moitos anos as referencias ao patrimonio eran escasas, limitándose case exclusivamente ao etnográfico, principalmente as pallozas, e o Camiño Francés de Santiago. Na actualidade, grazas ao traballo de divulgación que realizamos a través dos medios de comunicación, internet, libros, andainas, visitas, xornadas, etc. o abano ampliouse considerablemente. Como exemplo podemos poñer as moitas asociacións de fóra da comarca que se poñen en contacto con nós para visitala.

A principios do ano 2015 demos a coñecer unha variante do Camiño de Santiago que bautizamos como Vía de Küning, na honra dun monxe alsaciano que escribiu unha guía a Compostela no ano 1495 que, para evitar as nevaradas invernales, desviouse do camiño tradicional. Xunto coa asociación Val de Torés, das Nogais, realizamos charlas e andainas e presentamos a proposta ante a Xunta de Galicia para o seu recoñecemento. Ademais de comunicarllo aos Concellos por onde discorría, que descoñecían totalmente a existencia desta guía, por medio do daquela deputado provincial Manuel Martínez, alcalde de Becerreá, presentamos a proposta na Deputación de Lugo para recibir o seu apoio, que se produciu. Pero catro anos despois, cando o alcalde das Nogais viu que non lle pasabamos o camiño pola capital municipal moveu ceo e terra para levala por onde el quería a pesares de que nun primeiro momento, tanto o Xacobeo como a Confederación de alcaldes do Camiño Francés enviaron senllos comunicados á prensa criticando duramente ese proxecto composto tamén polos Concellos de Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo. Despois, cousas da política, mudaron o tono, ata o punto que a Xunta de Galicia comezou a inxectarlle cartos para sinalizar “o seu camiño”, algo inaudito cando nin sequera está aprobado. É como se lle comunicas a Patrimonio a existencia dun castro e danche cartos para escavalo antes de que os seus arqueólogos o comproben. Asunto, curiosamente, que ningún dos concellos cuestionou. Pero xa se sabe, neste país colectivos coma o noso pouco podemos facer contra certas manobras. É máis, sabendo como saben que se nós non deramos a coñecer esta variante hoxe non terían nada, cóidanse ben de non nomearnos, non vaia ser que se lle caian as medallas.

E tamén en Cervantes...

Si. Tamén nos produciu moita satisfacción a declaración como BIC do Castro de Santa María, en Cervantes,

proposta que realizamos xunto coa Anpa do CPI, contando tamén coa desinteresada colaboración da veciñanza da parroquia do Castro. Téñase en conta que dos preto de 1.300 castros existentes na provincia de Lugo, naquel momento só gozaban da máxima protección legal o de Fazouro e o de Viladonga. Cómpre aclarar que antes de facer a solicitude puxémosnos ao dispór do Concello de Cervantes para que a presentara pero, por motivos que se nos escapan, rexeitou. Iso si, cando se produciu a declaración o seu alcalde non tivo atrancos para aparecer nos medios e apropiarse o éxito sen citarnos para nada, tanto é así que tempo despois, cando a declaración como BIC foi publicada no Boletín Oficial do Estado, avisou aos medios para fachendear da “súa xestión” cando a publicación no BOE é un trámite administrativo obrigatorio que a Comunidade Autónoma lle ten que comunicar á Administración do Estado. No 2019 solicitamos á Dirección General de Bellas Artes, do Ministerio de Cultura, a declaración como BIC da Ponte de Cruzul, en Becerreá. Solicítamolo a este organismo porque, por discorrer por ela a antiga N-VI, pertence ao Estado, e aínda estamos esperando contestación.

Unha vez que se atopa algún vestixio, como hai que actuar?

O primeiro que facemos é documentalo o mellor posible, logo comunicámolo xunto cun breve informe a Patrimonio da Xunta de Galicia, que é a competente na materia, para que os seus técnicos comproben a súa existencia e procedan a catalogalo. A xente que sospeite que está diante dun xacemento aconséllamoslle que non o dubide e o comunique a Patrimonio ou ao Seprona.

Estase a protexer o patrimonio?

En absoluto. Segundo a Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do 2016, os concellos teñen a obriga de velar por el e, no caso de agresión, comunicalo á Administración competente, neste caso á Xunta. Agás contadísimas excepcións a tónica xeral e mirar para outro lado. Por iso de non “molestar” ao veciño, non vaia ser...

Hai moita destrución logo?

Sen dúbida. Colectivos, asociacións e persoas a xeito individual que en Galicia nos movemos nisto alertamos á Administración correspondente ou ao Seprona con máis frecuencia da desexada, nomeadamente por agresións ao patrimonio arqueolóxico. Malia isto, nos últimos tempos, ao menos na parte que nos toca, estamos a comprobar que se está a producir unha maior concienciación, de



feito moitos propietarios de terreos avisándonos antes de realizar calquera actuación cando cren que están diante dun xacemento, ou preguntánnos como teñen que actuar cando saben que hai un.

Tamén se está a producir un fenómeno curioso. Moitas persoas que botaban chispas cando atopabamos un xacemento no seu terreo, agora, debido ao inzamento de éolicos proxectados na comarca, esas mesmas persoas preguntánnos se nas súas propiedades hai mámoas, petróglifos, castros ou calquera outro ben patrimonial para incluílos nas alegacións e evitar así que os tendidos lle pasen por riba.

Que debería cambiarse?

En xeral, o problema non é a xente de a pé, as responsables son as políticas que se levan a cabo. Só que as Administracións fixeran cumprir a Lei do Patrimonio Cultural, con todas as súas eivas, as agresións reduciríanse considerablemente. Pero claro, hai leis e leis, unhas para cumprir si ou si, e outras, como a do Patrimonio, para ignorar; será porque non dá votos. Pero sen dúbida, o problema maior é o da concienciación, e isto tamén está en mans dos que mandan, en trasladar que un monumento por moi modesto que sexa é parte da nosa historia. Mire, por poñer un exemplo. Cando se produce unha pintada nun muro da catedral de Santiago non hai político que non condene a agresión, como debe ser. Pero, cantos aparecen cando unha máquina fai desaparecer unha mámoa? Quen lea isto dirá que non se pode comparar a catedral cun simple enterramento. Pois si, a catedral será máis grandiosa, máis chamativa arquitectonicamente, pero non menos importante que esa sinxela tumba.

Cales son as propostas do colectivo?

Nuns tempos en que todo se mide en termos económicos, apostar polas Humanidades é fundamental, non só válida para a Historia, a Filosofía, a Antropoloxía..., tamén aplicada a outras disciplinas como a Arquitectura, a Medicina, a Física... É unha forma de manter viva a tradición humanística europea. As Humanidades son fundamentais para formar unha cidadanía crítica, democrática e reflexiva para defenderse da “postverdade”, esa deformación premeditada da realidade tan presente na política pero que está a callar en moitos sectores da socie-

dade. Cómpre que os partidos democráticos, co asesoramento de especialistas nas distintas áreas, o tomen en serio e se poñan de acordo canto antes. Como estamos a ver noutras partes de Europa e do mundo, mañá pode ser tarde.

Que plans de futuro teñen?

Para este ano xa temos feita a programación de actividades. En colaboración coa Anpa do CPI de Cervantes e a Deputación Provincial de Lugo celebraremos as III Xornadas de Arqueoloxía e Historia que dedicaremos ao románico da comarca. Tamén, xunto coa Anpa de Cervantes e o Concello berciano de Valboa, realizaremos a terceira edición da Ruta dos Castelos entre as fortalezas de Doiras, Valboa e Veiga de Valcarce. Tamén celebraremos os aniversarios da consecución do BIC para o castro de Santa María, no que realizaremos un bateo nun río para mostrar como se obtiña o ouro. Unha xornada dedicáremola a celebrar cunha andaina ata a Campa do Barreiro onde localizamos os primeiros petróglifos da comarca. Temos prevista unha serie de andainas pola Vía Romana XIX que en Galicia entraba polo concello de Cervantes e continuaba polos de Becerreá, Baralla, Castroverde, O Corgo e Lugo. Realizaremos outro roteiro entre A Braña (Veiga de Valcarce) e Riamonte onde aínda se conservan en moi bo estado varias explotacións mineiras de época romana. Posiblemente, este ano nos dea tempo de publicar os tres libros nos que estamos a traballar: Historia do concello de Becerreá; Mámoas, petróglifos e castros da comarca dos Ancares; e outro sobre toponimia. Temos moi avanzado o estudo duns documentos inéditos sobre a represión fascista na comarca durante e despois de Guerra Civil, entre outros a relación de máis de setenta falanxistas que realizaban “labores continuas de limpeza”. Todo isto sen deixar de lado co que máis disfrutamos: saír ao monte en busca de vestixios do pasado. Como excepción ao dito anteriormente, temos a Deputación Provincial de Lugo quen, por medio da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, está a involucrarse na posta en valor dos bens patrimoniais que lle solicitamos, sexa na sinalización e limpeza de xacementos, en publicacións, na organización de xornadas, etc. Sen a súa axuda resultaría complicado levar a cabo moitas iniciativas.

O alcalde foi nomeado por Rueda vicesecretario de Concellos do Rural

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, confesou sentir “alegría e orgullo” tras ser designado polo novo presidente do PPdeG, Alfonso Rueda, como vicesecretario de Concellos do Rural do partido a nivel autonómico.

“É unha alegría, é un orgullo que se conte cun alcalde do rural para esa Vicesecretaría e teño que agradecer a confianza que se deposita na miña persoa para ostentala”, exteriorizou, á vez que prometeu “envorcar nas necesidades” do rural.

Santos afanouse en adiantar que “por falta de implicación e traballo non vai quedar”. “E imos tentar facer un bo labor desde ese posto, facer cousas positivas e boas para os concellos rurais”, engadiu.

En resumo, o alcalde de Friol avanzou que “se trata de ver as necesidades” deste medio, da que os rexedores destas zonas son “coñecedores”. “Trátase de darlle un impulso (ao rural) con medidas que estimulen o sector primario no ru-



ral. Vai ser un proxecto de oportunidades para polo menos tentalo e ver que no rural hai oportunidades e hai posibilidades de vida”, subliñou.

Sobre isto, Santos asegurou que o presidente da Xunta e do Partido Popular de Galicia, Alfonso Rueda, “cre no rural e por iso habilitou esta Vicesecretaría que vai enfocada aos concellos rurais de Galicia”.

O de Friol, xunto coa rexedora de Triacastela, Olga Iglesias, son os dous alcaldes lucenses con presenza na nova executiva do PPdeG trazada por Rueda tras o congreso celebrado en Pontevedra.

O Concello executa obras no rural por valor de 360.000 euros

O Concello realizará as obras de dous proxectos para o seu rural, xa que con estas actuacións preténdese mellorar e acondicionar varias estradas e accesos en dezanove núcleos de poboación de catorce parroquias do municipio, das trinta e dúas nas que se divide o territorio e a poboación friolense.

Un dos proxectos é Pavimentación de accesos aos núcleos de Cima-devila, Montecelos, A Muraza, A Florida, Sixto, Anxeriz, As Fontes, A Cabana e O Cibreiro co que se pretende acondicionar os accesos aos núcleos de poboación referenciados, pertencentes ás parroquias de Narla, Trasmonte, Miraz, Anxeriz, Nodar e Silvela. A realización de estas obras supón unha importante inversión, superando os 180.000 euros. Os accesos referidos están en mal estado por diversos motivos como as condicións meteorolóxicas, o paso de vehículos e maquinaria pesada, entre outras moitas, polo que a circulación normal de vehículos vese dificultada en determinadas zonas.

Outra actuación que se vai levar a



cabo é a Mellora de viario municipal en Tralacorda, Seoane, Vilafiz, Gonce, Macedo, Folgar, Espiñeira, Cerracín, Vilapedre e Quintá, que pertence ás parroquias de Seoane, Vilafiz, Condes, Xíá, Guldriz, Vilalvite, Santalla de Devesa e Ousá. En estas obras farase unha inversión de outros case 180.000 euros.

A necesidade pública a satisfacer con ambos proxectos é proceder á do viario mencionado, que presenta mal estado de conservación debido á súa antigüidade, uso e inclemencias meteorolóxicas sufridas co paso do tempo, polo que precisa

unha rehabilitación.

Trátase de dous proxectos de mellora que afectarán a uns 58 km de estradas de titularidade municipal, nos que os traballos que se pretenden executar na maioría das estradas están destinados a limpar cunetas, sanear e drenar as zonas inundadas, regularizar o pavimento e por último, tres regos asfáltico a todo trazado, noutras estradas, actuarase do mesmo xeito, coa diferenza de que neste caso e dadas as características particulares desas vías en concreto, serán pavimentadas con aglomerado en quente.

pol

Mosteiro volverá acoller un campus multideporte no verán

O Concello de Pol, en colaboración coa APSX Sagrado Corazón e o club Emevé, organizan para os días 27, 28, 29 e 30 de xuño, así como 1 de xullo un campus de multideporte que se desenvolverá na área deportiva de Mosteiro.

Este está dirixido para nenos nados entre o 2010 e 2016. O campus será de 10 a 19.30 horas con almorzo, comida e merenda incluídos, e haberá servizo de transporte gratuito.

Serán cinco campus a celebrar de maneira simultánea, de fútbol, fútbol sala, pádel, baskete e baile moderno e a maiores haberá actividades conxuntas como excursións, piscina, visitas de deportistas profesionais, tiro con arco ou uso e manexo de drons, entre outros. Todos os monitores son titulados nas súas disciplinas, e en tempo libre e socorrismo.

A inscrición ten un prezo de 100 euros, con desconto do 50% para os nenos empadroados en Pol, e 60% para irmáns. Coa inscrición entregarase aos nenos un pack



con roupa deportiva que inclúe dúas camisetas, dous pantalóns e unha gorra.

A folla de inscrición deberá ser entregada ao responsable de deportes de cada colexio ou club ou enviala a multicampusaxsc@gmail.com antes do 10 de xuño.

Para máis información haberá que poñerse en contacto con Rubén ou Niky nos teléfonos 626 765 574 e 645 807 708, respectivamente.

Pol contará co servizo Coidados porta a porta a finais de xuño

Pol recibirá os días 14, 15 e 16 de xuño a visita da unidade móbil de Coidados porta a porta, a iniciativa financiada a través dos Fondos Europeos Next Generation para achegar aos maiores de 55 anos as consultas de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria. O servizo estará situado na praza de Galicia de Mosteiro entre as 9.00 e as 20.00 horas. Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuita. Ofrecerá tres servizos principais. Por unah banda, un servizo de podoloxía. Faise unha consulta básica de podoloxía; unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas.

No servizo de audioloxía faise unha valoración e exploración e no servizo de estimulación da memoria, un profesional realizará unha valoración cognitiva.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283 ou no correo electrónico coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal.

San Paio de Narla incorpora a perspectiva de xénero co proxecto Soterradas



O Museo de San Paio de Narla, en Friol, afonda na incorporación da perspectiva de xénero e social ao seu relato museolóxico e museografía coa inauguración esta tarde do proxecto de conservación, investigación e expositivo “Soterradas. A vida tralos mantelos, da fortaleza ao Pazo”.

Distintos espazos e estancias do museo incorporan paneis informativos e fotográficos creando unha narrativa para visibilizar as desigualdades, de xénero e tamén de estamento ou clase, que sufriron as mulleres da servidume que habitaron pazos, fortalezas e outros edificios de poder ao longo da his-

toria e, por extensión, as mulleres que ocupaban os escalafóns máis baixos na xerarquía social.

Así, o percorrido polo museo incorporan paneis con fotografía do arquivo de Walter Ebeling -o historiador alemán que retratou a vida no rural galego entre 1928 e 1933-; documentos que acreditan a subordinación das mulleres da servidume en todos os ámbitos, incluída unha sentenza sobre unha agresión sexual reinterpretada pola artista Luz Darriba; ou outros elementos como unha pezoeira, empregada polas mulleres que tiñan que amamentar as crianzas doutras.

portomarín

o corgo

Licitadas as obras de mellora en dúas vías de Portomarín

O Goberno provincial vén de informar da próxima mellora que realizará a Deputación no firme de dúas estradas da súa titularidade do concello de Portomarín. Con 260.000 euros o Executivo provincial arranxará un treito de 3 quilómetros na LU-P-4902, que comunica o Alto do Valiño con Valdeporras por Vilaxuste. Dentro dese mesmo orzamento, a Deputación traballará na LU-P-4909, de Toxibó ás Neves, onde se acondicionará a estrada desde o punto quilométrico 2 ao 3,235. A Xunta de Goberno vén de aprobar a licitación destes traballos que, unha vez iniciados, terán un prazo de execución de 3 meses. Estas actuacións contemplan a apertura de cunetas, drenaxe e limpeza, saneamento das capas

existentes nas zonas con deficiencias, pavimentación e sinalización das vías mediante marcas reflexivas brancas.

O Presidente da Deputación, José Tomé Roca, sinalou que esta é unha actuación “moi importante para Portomarín, para a comarca e para toda a provincia polo que supón para as comunicacións do propio concello, moi frecuentado por visitantes e peregrinos durante todo o ano”.

A LU-P-4902 é moi empregada pola veciñanza e os visitantes porque conecta varias parroquias e coa N-540 que vai cara Ourense, e é unha vía de saída da capitalidade de Portomarín. Pola súa banda, a LU-P-4909 dá un importante servizo á veciñanza e ás explotacións gandeiras da zona.



Escenario dun simulacro de coordinación ante incendios

Portomarín foi escenario dun simulacro para asegurar a coordinación do Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais en Galicia (PEIFOGA) que involucra a servizos de todas as administracións.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participou nos labores xunto co alcalde de Portomarín, Pablo Rivas, e o xerente da Axencia Galega de Emerxencias (Axega),

Marcos Araújo, entre outros.

O operativo congregou a un centenar de efectivos. Interviñeron brigadas do Servizo de Prevención de Incendios Forestais, técnicos da Dirección Xeral de Emerxencias e da Axega, da central de urxencias 061, e membros da Policía Autonómica.

O simulacro partiu dun suposto incendio rexistrado nas inmediacións do punto quilométrico 4 da estrada LU-P-4909, en Bagude.

Continúa o traballo no castro de Castromaior

O Concello de Portomarín realizou onte unha reunión de traballo no castro de Castromaior. O xacemento, que destaca por ser un dos castros máis interesantes do noroeste da Península Ibérica, pertence á Idade de Ferro. Na reunión estivo presente

tamén o conselleiro de Educación e Cultura, Román Rodríguez, quen se comprometeu á creación dun centro de interpretación do xacemento onde os visitantes poidan “viaxar no tempo” e coñecer, de primeira man, a súa historia.

O PsdeG critica o “deficiente estado” dos servizos de prevención de incendios



O PSdeG de Portomarín criticou hoxe o “deficiente” estado dos servizos de prevención e extinción de incendios no Concello de Portomarín.

Os socialistas lamentan o que tilidan de “falla de interese” da Xunta e o Concello neste senso. Lembran, asemade, os recortes sufridos dende o ano 2020 “cando a Xunta eliminou os dous helicópteros e as dúas brigadas helitransportadas ubicadas na Base de Helicópteros de Portomarín”.

Os socialistas explican que o pasado 24 de maio a Xunta realizou un simulacro con base na parroquia de Cortapezas, na que participou o delegado da Xunta, xunto con varios xefes territoriais, así como membros do Goberno local.

Din que “foi unha magoa que todos estes representantes da Xunta e do

PP non se achegaran a visitar a Base de Helicópteros para coñecer as instalacións e comprometer o restablecemento da situación anterior a 2020”.

Nesa liña, tamén lamentan “que non se achegaran a coñecer as condicións nas que se atopa o vehículo motobomba do Concello de Portomarín, que leva máis de dous anos parado, e o Concello de Portomarín non foi capaz de arranxalo ou tramitar ante a Xunta de Galicia a incorporación dun novo”.

Ademais, aproveitando esta visita a Portomarín, “puideron visitar os depósitos de auga do Concello, que están completamente abandonados, e sen ningún tipo de mantemento; unha situación realmente perigosa xa que nos encamiñamos a época de máximo risco de incendios”.

O Corgo acollerá un curso de iniciación á lectura de documentos antigos

O vindeiro 9 de xuño é o Día Mundial dos Arquivos, unha efémeride que o Concello do Corgo quixo celebrar organizando o primeiro Curso de iniciación á lectura de documentos antigos.

Unha iniciativa que xorde a través do proxecto CORGORAL e coa que se propón unha achega práctica á lectura e comprensión dos documentos escritos como pouso doutras épocas.

O obxectivo do Goberno local é “desempolvar eses vellos papeis dunha maneira sinxela: dando as claves para poder lelos e comprendelos”.

O curso é gratuito, con un total de dez prazas dispoñibles, e terá lugar o xoves 9 de xuño, de 17:00 a 20:00 horas na Biblioteca do Punto de Atención á Lectura do Corgo. Todas as persoas interesadas en inscribirse deberán enviar un correo electrónico antes do día 6 de xuño, indicando o seu nome, apelidos e teléfono de contacto a proxecto.corgoral@gmail.com.

“Trátase de introducir aos interesados nese marabilloso mundo da escrita e aprender a valorar o que se agocha nas artesas e nos caixóns das nosas casas”, explican dende o Concello.

guntín

Avanzan as obras de rehabilitación da travesía que está a facer o Mitma

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) está a levar a cabo as obras de rehabilitación estrutural do firme na estrada N-540 ao seu paso polo Concello de Guntín. A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, achegouse ata o municipio para visitar os traballos de reacondicionamento desta vía.

Unha visita na que estivo acompañada pola xefa da Universidade provincial de Estradas, Beatriz González, e a edil Verónica Vilela. As obras lévanse a cabo dende o km 17,269 ata o 18,420.

A subdelegada do Goberno destacou a importancia desta actuación para solucionar o problema ocasionado polo mal estado do firme na travesía de Guntín. Asemade, felicítouse pola celeridade coa que se están a executar os traballos “o que permitirá mini-



Supervisión das obras da travesía de Guntín

mizar as molestias que se están a ocasionar aos veciños e usuarios da vía”.

Isabel Rodríguez explicou que as obras comezaron o pasado día 2 e tiñan un prazo de execución dun mes. Con todo, poderían rematar antes, xa que o bo tempo está a

favorecer o ritmo das obras.

Namentres, manterán cortado un carril dando paso alternativo aos vehículos polo sentido contrario da vía. Ademais aconsellan aos vehículos pesados que circulen pola A-54, que ten un trazado paralelo á zona en obras.

DEPORTES

Portas abertas nas escolas do Sagrado Corazón e Lugo Sala

Final de tempada no fútbol infantil e momento de conseguir novos xogadores. Para ter lista a planificación do vindeiro curso, o ADC Sagrado Corazón organiza as súas xornadas de promoción do deporte. Así, o club abre as portas da súa Escola de fútbol para nenos de 3 a 18 anos.

Os futuros xogadores interesados en probar, de balde, os adestramentos do Sagrado Corazón, poderán achegarse ata as instalacións do club ata o 16 de xuño para as categorías bibe-rón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Os interesados en participar poden facelo inscribíndose no enderezo habilitado a tal efecto ou na páxina web do club. Tralas probas, o xogador poderá decidir darse de alta no club na vindeira tempada, abrindo matriculacións no mes de xuño.

Tamén Lugo Sala ten abertas as súas portas de balde para coñecer o traballo da Escola de fútbol sala, así como aos adestradores. Poderán participar nenos e nenas dende os 3 e ata os 18 anos. Ademais, tamén abrirán as portas para o equipo senior feminino.

Rematan as ligas de fútbol afeccionado

Portomarín ascendeu a Primeira e Antas a Segunda e nas de base triunfaron Milagrosa e Casás

Non houbo rival para o Portomarín. O Chao da Poza foi testemuña a última fin de semana de liga do ascenso á Preferente do Portomarín, tras vencer ao CD Castro.

Nun 3-0 sen precedentes, con xogadas moi acompañadas nos dous equipos, Sergio marcaba o primeiro tanto para o Portomarín pouco antes do final da primeira parte. Un gol que arrancaría a ofensiva dos visitantes de cara ao segundo tempo.

No minuto 52 era Javier o encargado de marcar un gol que alonxaba, cada vez máis, as posibilidades do Castro, que se xogaba, tamén, conseguir o ascenso. Segundos antes do remate do partido, chegaba o turno de Jose D., quen no minuto 90, afianzou a vitoria cun novo gol que deixaba o marcador 3-0 para os locais.

Pola contra, entre descensos directos e arrastres, baixan de categoría, de novo a Segunda catro equipos da zona, o San Roque, San Lázaro, Gun-tín e Friol A.

SEGUNDA GALICIA SUR. En Segunda tamén hai celebración. E é que o

Antas conseguía o ascenso a Primeira tras enfrontarse ao SD Oural, cun reñido encontro que remataba cun 4-3.

Malia que o Oural arrancaba o partido cun gol de Miguel no primeiro minuto, o certo é que todo o encontro foi un tira e afrouxa entre os dous equipos. Foi Xurxo quen arrancou o marcador do Antas (13') e, con el, comezaron as xogadas.

O 2-1 marcáboo Jose A. no minuto 16, alonxándose do marcador dos visitantes. Álex foi o encargado do terceiro gol, xa no segundo tempo, que tardou 20 minutos en recibir resposta do Oural. Unha nova ofensiva do Antas, encabezada por Álex, volveu a distanciar os puntos cun 4-2 que os sarriaos quixeron acurtar marcando, Francisco, o terceiro e último tanto da xornada.

XUVENIL. Éxitos no fútbol xuvenil lucense na última xornada de liga. O Milagrosa e o Casás lograron o ascenso das súas respectivas categorías.

O SCD Milagrosa acadou o pase á



Galega tras un 5-1 contra o Foz, nun partido recuperado na segunda metade.

Na segunda xuvenil, o protagonista foi o Casás que venceu ao Sagrado Corazón nun 2-1 que marcou o ascenso á primeira cos goles de Diego (8') e Breixo (53').

CD LUGO. Os benxamíns do CD Lugo acadaron tamén o cuarto posto no Campionato Galego que se celebrou entre Narón e A Estrada. Os lugueses clasificáronse para a fase final e conseguiron superar ao resto de equipos da provincia de Lugo.

O branquivermellos conseguiron, nos primeiros partidos, tres vitorias e un empate. Quedando, así, primeiros da fase de grupos e pasando ás eliminatorias. A xornada do sábado rematou en Narón sendo o CD Lugo o único equipo da provincia en chegar ás semifinais.

A xornada do domingo, na Estrada, foi algo peor para os lucenses que comezaron cun partido moi axustado que tivo que ir a penaltis. Un empate levou ao Lugo a xogarse o terceiro posto contra un Deportivo moi dominante, que abarcou a posesión.

Andrés Pereiro, primeiro lucense en gañar o Conde de Godó



O tenista Andrés Pereiro vén de converterse no primeiro lucense en gañar o torneo Conde de Godó, unha competición oficial disputada anualmente nas instalacións do Real Club de Tennis Barcelona. O xogador do Club As Termas realizou unha sensacional actuación individual nun torneo onde xa venceu, no seu momento, Rafa Nadal.

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o edil de Deportes, Mauricio Re-

petto, realizaron un acto de recepción ao deportista. A el asistiron voceiros da Corporación Municipal así como familiares, compañeiros e amigos de Andrés Pereiro. No acto oficial, a rexedora amosou o seu orgullo de contar en Lugo con "xente nova tan preparada que, ademais, exerce de embaixadora da cidade". Asemade, felicitou ao deportista pola súa imparabile traxectoria e anumouno a seguir cultivando éxitos.

Fin de tempada para o Breogán

Por Adrián Fernández

Rematou a tempada 2021/2022 para o Breogán, despois de 8 meses de competición e 16 vitorias chegamos ao final dun dos mellores anos do equipo na ACB.

Quedaban aínda tres encontros por xogar no mes de maio, despois de gañar en Gran Canaria xagabamos na casa contra o Barcelona con posibilidades reais de play offs pese ás dificultades. Semellaba estar todo en contra de nós pero os xogadores saíron a polo partido dende o primeiro minuto conscientes de que tiñan que dar todo o que lles quedaba no corpo, iso viuse reflexado no marcador nunha primeira metade das que che quedan no recordo para sempre, tódolos xogadores aportando en ataque e en defensa e canastras de todo tipo incluso un 3+1 dende o medio campo de Sergi Quintela, 48-30 ao descanso. O soño parecía preto e máis cando o Breogán aguantou o empuxe do Barcelona no terceiro cuarto, pero o desgaste físico pasou fatura ao final e nun último cuarto desastroso (6-22) perderíase o partido por dous puntos 72-74; orgullosos dos xogadores igualmente que o deron todo e incluso fixéronnos crer ata o final



Celebración da final da tempada por parte do Breogán

que tiñamos posibilidades de loitar polo título pese ás baixas.

Xa non quedaba moito máis que facer, so ser profesionais e tratar de competir en Fuenlabrada, pero a realidade foi que o cansazo acumulado e a intensidade dos locais polo que se xogaban convertiu o encontro nun trámite, 88-65.

Por último un partido para desfrutar e despedirse dos xogadores, un encontro bonito que gañaría o Breogán ao Unicaja por 93-84 e que podería xogar Musa, que nos agasallou coa súa última obra de arte, 24 puntos e 34 de valoración. Ao día seguinte festa na praza de

Santa María onde afección e xogadores compartirían impresións e onde lle entregarían a Musa o premio de MVP da Liga ACB da man do seu irmán, unha sorpresa coa que non contaba o xogador balcánico.

Tempada moi positiva, non só polos resultados se non tamén pola boa imaxe que deixa o clube, o que fai de nós un bo lugar para traer a bos xogadores de cara ao ano que ven; tempada que xa se está a preparar coas renovacións dos irmáns Quintela e a incorporación do base alemán de 21 anos Justus Hollatz.

“Somos o único equipo de Galicia que contamos con tres xogadores xuvenís”

David Fernández Pérez, coñecido como Daffer, é actualmente técnico do Club Petanca Lugo

Calquera que pasee polo parque de Frigsa, en Lugo, pode velos xogar. E é que rara é a tarde na que as pistas de petanca da Milagrosa están baleiras. Bóla tras bóla, e entre coñecidos, conformouse o Club Petanca Lugo. Cinco anos despois, xa contan cun xogador na Selección galega Sub20 e outros 21 competindo, cada domingo, na Liga galega.

Cando nace o club?

Naceu no 2017, levamos 5 anos.

Como xorde a creación do club?

Xurdiu porque un home catalán, alí tiñan moito eco a petanca, veu aquí á Milagrosa e falou cun compañeiro para facer algo. Empezaron a tirar bólas, sen pistas nin nada. Comezou a achegarse xente, a xogar no parque de Frigsa. E pouco a pouco foise creando o club, case de xeito improvisado. Despois, creáronse as pistas.

E, agora hai dous clubs a falta de un. Ademais de ser un deporte interxeracional, non ten discriminación de ningún tipo. Unha muller pode xogar, un home ou un neno poden xogar; pero, tamén un home con discapacidade ou sen ela, poden xogar xuntos. Iso é moi reseñable e moi bonito. Os homes e os mulleres da nosa liga poden xogar xuntos, noutras non, pero teñen torneos mixtos.

Cantos xogadores tedes?

Chegou a haber preto de 100, pero logo de dividirmos en dous clubs, quedamos algo máis de 40.

Que idades teñen os xogadores?

Temos a sorte de contar con tres xuvenís, somos o único equipo de Galicia que conta con tres xogadores desta categoría. Temos un rapaz de 12 anos, un de 13 e outro de 15. Logo temos mozos de 26, 27 e 28 anos. E, de aí para arriba, idades diversas ata os 84 anos. Hai moita diversidade de idade, porque trátase dun deporte interxeracional. Podo xogar co meu pai, co meu avó, ou, se é o caso, co meu fillo.

Tedes xogadores na Liga Galega?

Temos dous equipos na Liga Xunta de Galicia zona norte, Lugo A e Lugo B, que van xogar agora os playoffs. Estamos na segunda división porque non hai ascensos e descensos nas nosas ligas. Temos 21 xogadores comprometidos a xogar a liga todos os domingos. Dentro deles,



contamos con esta vertente dos rapaces novos que, un deles, Nicolás Villamor, forma parte tamén da Selección Sub20 da Federación Galega de Petanca. É tamén un orgullo para nós.

Que habería que facer para ser socio do club?

Pois, simplemente, o que dicimos sempre. O primeiro que ten que facer unha persoa é vir probar. Eu comecei pensando que era un xogo de xente maior e logo entereime de que non é un xogo, é un deporte, está aceptado, temos federación galega, estatal, internacional... As pistas son públicas, calquera persoa pode vir, acceder ás pistas e o club ten bólas á súa disposición. Pode coller unhas bólas e probar. Se lle gusta? Continúa, paga a cota anual e pode ter acceso a todas as instalacións do club, e pode federarse a nivel máis profesional, pagando o que estipule a federación. O bo que ten este deporte é que gastando un módico prezo de cota anual e unhas bólas que rondan dende os 7 ata os 300 euros pode xogar. É relativamente barato, se non se collen bólas moi caras.

Falabamos de que a petanca vese como un xogo para maiores, estase recuperando unha tradición?

Dende sempre, como outros deportes máis tradicionais, está considerado de maiores. Máis tradicionais porque son interxeracionais. Eu, como profesor de lingua e literatura, sei que a tradición oral non é tan importante como a literatura escrita; pois aquí é o mesmo, un deporte tradicional non vai ser tan ben visto



como o fútbol, o baloncesto, o tenis ou os demais. Cando era pequeno xogaba á petanca era na praia e cos amigos, sen ter en conta regras nin nada. Hai uns anos, un compañeiro do máster díxome que fora probar e eu tamén cría que era para maiores. Pero despois daste conta, vendo os datos da Federación Española de Petanca, segundo o propio presidente, o 80% dos federados son menores de 50 anos. Así se demostra, fai dúas semanas tivemos o Campionato do Mundo, en Dinamarca, e España quedamos primeiros en duplas femininas, segundos en duplas mixtas e primeiros en individual. E o rapaz que gañou en individual ten 20 anos.

Viron medrar o interese por este deporte?

Si. Houbo momentos que no club había moitísima máis xente que agora, chegamos case a 100 socios cando eramos un só club. Foi sorprendente para nós porque chegaron a facernos ata reportaxes en medios estatais. A pandemia fixo moitos estragos, pero o bo que temos é que

os que estamos agora seguimos moi comprometidos. De 40 socios que somos, máis da metade están comprometidos a xogar a liga todos os domingos e os adestramentos, mércores e venres, dúas horas cada día, catro semanais. Ese compromiso é o bo que temos neste deporte. Se probas a petanca, pódete gustar; pero como ten tantos prexuízos porque pensan que é un xogo de xente maior, ese é o noso lastre. Quen proba as bólas, rara vez non se queda.

Afectouvos a pandemia?

O que nos afectou, sobre todo, foi que houbo unha escisión no club. O novo club que hai en Lugo é de xente que estaba no noso. Un club unido sempre fai máis forza que dous separados, pero a pandemia fíxonos dano. No tema deportivo, non tanto, seguimos xogando a liga federada e non cambiou moito. Pero a visibilidade do deporte, especialmente en Lugo baixou. O Club Deportivo Lugo, todo o mundo sabe que existe, o Breogán igual, ou o Emevé. Pero igual non se sabe que temos de petanca dous clubs, a falta dun, e que nun deles hai xente moi moza xogando á petanca. O peor que tivemos non foi a pandemia, foi o lastre de sempre: que non nos coñezan. Que están facéndonos reportaxes en medios deportivos estatais e, na Cidade de Lugo, non nos coñecen.

Quen pode xogar?

Eu convido a todo o mundo a que veña. Temos rapaces de moi diversas idades. E iso, para min, é unha grandísima virtude do deporte. Eu son o máis maior do meu equipo e teño 28 anos.

Que lle pedides ás institucións?

Agradecemos que temos as pistas, pero tamén que queremos que nos fagan unhas pistas cubertas cando se poida. Porque nós temos adestramentos todo o ano e precisamos unhas pistas cubertas, nalgún sitio. Non ten porque ser no mesmo espazo, porque sempre poñen a excusa de que no Parque da Milagrosa non se pode. A nós, danos igual o sitio. Non é por nós, tamén polos xuvenís. Temos un rapaz da Selección Sub20 que ten que adestrar case todos os días e, algún día, non pode porque chove.

Miguel Muñoz seguirá no CD Lugo Sala da Segunda B



Un dos grandes referentes do CD Lugo Sala seguirá ligado ao proxecto na 2ª división B. Miguel Muñoz, involucrado xa na ADC Lugo Sala desde a fundación do club no 2014, no inicio desta tempada deu un paso máis no compromiso coa entidade e quixo liderar o proxecto do primeiro equipo malia dar un paso atrás na súa carreira.

O xogador madrileño, que proviña da máxima categoría do fútbol sala estatal, quere seguir liderando este proxecto e axudando a conseguir un ano máis ser un equipo competitivo. Tras conseguir o pasado 24 de abril o ascenso, a Xunta Directiva do club púxose a traballar para organizar tanto desde o plano deportivo como económico a estrutura do persoal da tempada próxima. O primeiro gran obxectivo era renovar ao capitán e o acordo foi rápido xa que club e xogador teñen claros os obxectivos mutuos que perseguen.

O Maristas da categoría infantil de basket coróase bicampión galego

Ledicia no equipo Maristas infantil da Galega, que se converteu en campión por segundo ano consecutivo tras acadar o título galego. Os lucenses venceron na final de Porriño aos locais, PBB A, nun 78-59.

O Maristas comezou indo un paso por diante, pero o Porriño seguíalle a pasos curtos grazas a Haile que fixo 23 puntos na primeira metade. Tralo descanso, os lucenses recuperaron a defensa e foron aumentando a vantaxe paseniñamente. Foi no último tempo, cando o Maristas colleu máis forzas para levarse o campionato. No último tempo, ademais, o adestrador, Óscar Engroba, sacou á cancha a todos os seus xogadores, que colaboraron na segunda vitoria consecutiva do equipo.

O Concello propón unha gran proba do Corre con Nós en xuño

A concellería de Xuventude e Deportes do Concello organizará este mes de xuño unha gran proba do Corre con Nós que, neste 2022, cambia de formato para adecuarse á situación sanitaria.

A carreira, que acostuma aglutinar 6 citas deportivas durante o ano, se concentrará, nesta edición, nunha soa ante o devir que foi experimentando a pandemia e que, no mes de xaneiro, cando correspondería realizar a primeira das competicións, coincidiu coa chegada dunha nova vaga de Covid que fixo reformular a estrutura do circuíto por motivos de saúde pública.

“Ante este contexto, dende o servizo de Deportes puxémonos en contacto cos e coas deportistas lucenses e coas asociacións que os agrupan e o que atopamos foi un apoio maioritario á decisión de aprazar a carreira. Non podemos obviar que no Corre con Nós se xuntan centos de persoas, entre elas menores de 3 a 7 anos acompañados das súas familias, en itinerarios

estreitos nos que non se poden garantir as distancias de seguridade pero ao que, precisamente por ese carácter familiar, tampouco tería sentido acoutar ou limitar a asistencia, polo que dispuxemos adiala ata o final das restricións”, indicou Repetto Morban.

O edil sinalou tamén que, nestes momentos, esta área municipal traballa na preparación doutros dos eventos incluídos no calendario deportivo local como pode ser a Media Maratón que terá lugar este mesmo mes de maio e que precederá ao Corre con Nós, da que proximamente ofrecerá máis detalles.

“Sabemos que se trata dunha proba emblemática da cidade, cun notable éxito de público e de participación e que se constitúe, ano tras ano, como unha cita ineludible do calendario deportivo local, mais queremos que isto sexa así con todas as garantías polo que primamos a prudencia, postergando o seu inicio”, concluíu Mauricio Repetto.

Fin de semana de éxitos para o CD Biosbardo

Deportistas do CD Biosbardo competiron en distintas probas espalladas pola xeografía galega, sumando cada un na súa progresión.

Unha das competicións nas que estivo representado o CD Biosbardo, foi o Desafío Galaico, un circuíto formado por tres probas de trail, das máis punteiras de Galicia: Desafío Oia (Oia, 19 de marzo), Desafío San Mamede (Maceda, 22 de maio) e o futuro Desafío Vértice (Padrón, 3 de setembro).

En Maceda, Jonathan Pérez acadou a quinta praza absoluta. Coa segunda das probas do Desafío Galaico (22k), e tras 1700 metros de ascenso, Pérez sube de posición ata o quinto posto da clasificación xeral.

Jonathan Pérez fai valer a súa regularidade e xa na segunda proba se coloca a tiro de podio. Dende o equipo destacan, ademais, a rápida recuperación do deportista pois, facía tan só dúas semanas, que Jonathan Pérez viña de facer tamén un quinto posto absoluto (terceiro de categoría) no Quiroga Trail Challenge: 43km o sábado 7, e 27 o domingo 8, con 4 mil metros de ascenso totais.

Na clasificación do Desafío Galaico destacan tamén Guillermo Grandal, dentro dos 100 primeiros, e do feminino Enara Fernández no posto 27.

Éxito de participación no torneo de tenis de mesa do Dez Portas



O IV Torneo Lvcvs de tenis de mesa, organizado polo club Dez Portas TM o pasado 17 de maio en Lugo, foi un éxito de participación. Así o cualificou o propio club quen conseguiu reunir a un total de 101 deportistas na Casa do Deporte da capital. Os xogadores, chegados de diferentes puntos de Galicia, Asturias e Vilanova da Cerveira (Portugal), foron divididos en diferentes categorías por idades. Para a confección dos grupos, asemade, atenderon a súa clasificación do ranking da Federación Galega de Tenis de Mesa así como ao da Federación Española. Pola mañá, xogaron as clasificatorias e, xa pola tarde, os enfron-

Os tres capitáns do CD Lugo despídense do Anxo Carro

Emotiva e sincera. Así foi a histórica despedida dos capitáns do Lugo, Pita, Iriome e Seoane. Coma quen quita unha tiritá, a traxectoria de tres dos grandes do CD Lugo rematou co último partido de competición. Así o anunciaba o club a principios desta semana e así o confirmaban onte nunha rolda de prensa.

Carlos Pita, Fernando Seoane e Iriome González despedíronse do Anxo Carro como xogadores albivermellos. Moitas temporadas, moitos partidos, moitos momentos e moito orgullo lucense que culminaban onte nun momento histórico para o club.

O presidente, Tino Saqués, remonouse na súa despedida ao ano 2015, cando recén chegado o club, as primeiras renovacións foron as de Pita e Seoane. “Eu non tiña trato con eles pero parecéronme piares fundamentais no futuro do club”, dixo.

Saqués que tildou de “lendas” aos tres xogadores asegurou que marcaron unha época e que permanecerán na memoria de todos os seareiros. “Pasamos épocas moi duras, onde eu me reunín con eles cando



semellaba que había que tomar decisións moi importantes e contaba coa súa opinión”, expresou con orgullo Tino Saqués.

De orgullo tamén falou Pita, que denominou a maioría das tempadas como “éxitos, comezando polo primeiro ano no que conseguimos alcanzar o playoff e enganchar á xente”. Lembrou tamén o histórico ascenso do club “algo imborrable que catapultou ao club ao fútbol profesional”.

“En principio, vou a seguir ligado ao club. Xa foi un ofrecemento do presidente antes de rematar a tempada e de tomar a decisión. Temos que falar e ver cal é a situación e o posto onde

podemos estar”, explicou Pita dando así esperanzas a todos os seareiros de seguir tendo ao capitán no club. Palabras de agradecemento aos compañeiros, e palabras tamén para a afección. “Cando cheguei aquí, a xente sentíase identificada co club. Era fácil vir ao campo e desfrutar cando gañabas. Nos últimos anos, coas situacións que vivimos, foi complicado atraer á xente”, lamentou.

Seareiros fieis, dixo Pita, que “ten que tratar de conseguir que baixen máis ao campo, facer chamamento á xente para que disfruten do fútbol profesional”. “Hai que darlle valor ao que está a conseguir o club”, concluiu.



Alpha Wolf Pack trae a Lugo preto de 20 medallas

Alpha Wolf Pack regresa a casa con 10 ouro acadados no Campionato estatal de Jiu Jitsu Brasileño. Segundo informa o equipo, os lucenses conseguiron ademais 5 pratas e 3 bronce. Unha colección de medallas que se suman aos títulos xa conseguidos polos deportistas do Alpha Wolf Pack noutras competicións.


Luis Castaño, quen liderou esta expedición lucense-ourensá, conseguiu o título de campión estatal de No Gi e subcampión con kimono. Ademais de acadar o bronce absoluto No Gi. Diego Rodríguez Miranda acadou o ouro, e polo tanto o título estatal na categoría con kimono. Un galardón que acadou tamén Moisés Rey, conseguindo a máxima puntuación nos dous campionatos na súa categoría: campión estatal con kimono e tamén en No Gi; ademais conseguiu o

bronce absoluto con kimono. Outro membro do Alpha Wolf Pack que acadou os dous títulos de campión estatal é Yoel Barrios quen liderou, na súa categoría, tanto con kimono como No Gi. Juan Carlos Estevez de Prado resultou campión e subcampión estatal en No Gi e con kimono, respectivamente. Unha praza tamén foi para Diego Uzal. Marco Castrillón, repetiu o esquema do seu lider cun ouro en No Gi e unha prata con kimono. Por último, Samuel Fernández e Yadhira Álvarez acadaron cadanseu ouro, recibindo o título de campións estatais. Daniel Flores coronouse como subcampión da súa categoría, mentres que Álvaro López e Borja Gay, fixéronse co bronce con kimono. Ademais, Gay tamén conseguiu o bronce en No Gi.

COLABORACIÓNS

E para vivir, Lugo

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Ao longo destes nove meses de colaboración con este xornal, recomendei Lugo por unha serie de cuestións que me pareceron relevantes, desde o meu modesto e particular punto de vista.

Digo particular porque, en certo xeito, quería saldar unha débeda con esta vila. Máis ben, coa miña cidade, na que case sempre residín pero que costou moito conectar con ela. Sentíame rexeitada e, por iso, rexeitaba.

Co paso do tempo, decateime de

que este malentendido se debía ao descoñecemento mutuo no que vivín durante a miña infancia e adolescencia e que, pouco a pouco, fun desfecendo, desde a miña mocidade ata hoxe, na que afirmo, firmemente, que non só para comer senón, sobre todo, PARA VIVIR LUGO.

E fun escribindo cada unha das características que considero importantes. En primeiro lugar, como persoa con discapacidade, recomendei Lugo porque é unha cidade accesible. Aínda que moitas cousas non se adaptaron, a cidade pódese percorrer en cadeira de rodas, dun extremo a outro.

Por iso é cómoda, sendo pequena e dotada de moitos servizos culturais, educativos, sanitarios,

sociais, deportivos, recreativos... podes facer cousas de todo tipo e dá tempo a todo.

Isto axuda a que sexa unha vila plural e diversa, tanto a nivel funcional (ver a ampla oferta de entidades de persoas con diversidade funcional existentes nela) así como doutras minorías étnicas, relixiosas, de orientación e identidades sexual, etc.

Toda esta diversidade faise visible nas festas populares, tanto nas patronais do San Froilán como no "Arde Lucus" que se celebra, principalmente, na rúa durante este mes de xuño. E que ben o pasamos! Cada ano a cidade ten máis visitantes para descubrir o agradable que é.

E non só Lugo ofrece oportuni-

des para divertirse, senón tamén unha gran variedade de actividades culturais ao longo do ano, ofrecendo mostras claras da capacidade creativa da xente desta vila.

E non esquezamos as actividades deportivas. Podemos facer exercicio polos paseos existentes ao redor da cidade (sendeirismo, footing, running...), á beira dun río navegable para piragüistas. E por supostos, os clubs por excelencia, o Deportivo Lugo e o Breogán que son moito máis que clubs deportivos, xa que reflictan a esencia dunha cidade que vibra con eles en cada partido.

Lugo tamén pensa en feminino, non só porque nela residen máis mulleres que homes, senón ta-

mén porque xa é hora de pensar en nós e coma nós, non por ser superiores a ninguén, non por estar en contra de ninguén, senón porque loitamos pola igualdade e dignidade de todas as persoas.

E por último, dediquei a miña colaboración de maio a unha entidade que está a cumprir cincuenta anos: Auxilia. Cinco décadas de historia ligada a Lugo que, sendo pioneira no seu momento, axudou a transformar durante todo este tempo non só a cidade, senón tamén a mentalidade da sociedade lucense, sendo moito máis respetuosa coa diversidade.

E por todo isto e por moito máis, sempre recomendarei vivir en Lugo.

Somos docentes, non burócratas

O PUPITRE



Julio Díaz

As administracións educativas, desde hai xa décadas, tomaron una deriva burocrática que fai que en moitas ocasións cheguemos a cuestionarnos que tipo de educación estamos a darlle ao noso alumnado si realmente os estamos a preparar para afrontar os desafíos que un mundo laboral tan competitivo e cada vez máis dixitalizado lles vai esixir, ou simplemente somos un oficinista máis na engranaxe do noso centro educativo.

"Se non se rexistra, non ocorre", parece que o único que importa e que se vexa reflexado nun documento. Un exceso de papeis, aplicacións, formularios, planillas, trámites, actas, documentos, comunicados, proxectos curriculares, de innovación, educativos...que como xa dixen, imos incrementando o tempo que os docentes adicamos "ós papeis" e procesos administrativos co fin de asegurar unha falsa calidade educativa que transparente, como si iso fose preciso, a labor docente en detrimento dun bo labor educativo.

Os docentes debemos cumprir e desenvolver ao longo de todo un curso unha inxente can-



tidade de documentos administrativos que detraen o tempo da atención directa do alumnado, a preparación específica das clases e aos proxectos innovadores, sen que o docente teña constancia da súa utilidade para mellorar a calidade do proceso educativo.

Nós queremos dar clase, e atender o mellor posible os nosos alumnos/as e non pasar "media vida" xestionando e revisando documentos do que deben e debemos facer. Cantas veces se cubren só con fins estadísticos, cantas veces enchamos cuestionarios, formularios, planillas que ninguén le nin supervisa. Todo o que se fai entorno a aula debe ser controlado pero, a maior parte das veces non se leva a cabo co fin de mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe senón cun afán fiscalizador que nada aporta a un ensino de calidade.

A deriva burocrática na que caeu a educación convértese nun problema que ameaza ser irresoluble, que ten empeñadas ás administracións educativas en transformar os docentes en oficinistas e administrativos que xeren inxentes cantidades de datos que aproveitan para presentar estadísticas coas que poder demostrar mediante gráficos, diagramas, pictogramas, documentos, dossiers...a efectividade da súa xestión e que a nós, como docentes, nada nos aporta na nosa capacidade de transmitir coñecementos e valores que é a tarefa que a sociedade nos encomendou, facéndonos caer na impotencia e no desalento de vernos día tras día máis sobrecargados, sabendo que diso non depende o éxito ou fracaso educativo dos/as nosos/as alumnos/as.

Na escola burocrática, o procede-

O RECUNCHO DE CANELINA



mento é un fin en si mesmo. O bo docente xa non é o que ben sabe ou ben ensina, é o que mellor cumpre o proceso administrativo establecido. QUE MÁGOA!!

Debemos rematar XA esta "pandemia burocrática", analizando as razóns polas que o sistema educativo naufragou neste mar de documentos e impresos alcanzando as desproporcionadas dimensións que sepultan os docentes nun sin sentido de xestións e tramitacións que o apartan da fin educadora que a sociedade nos outorgou. Precisamos, con urxencia un cambio radical das nosas administra-

cións que nos garantan que a nosa función principal é a docencia, deixando as tarefas administrativas para persoal especializado nestas funcións.

É imprescindible que non vexamos cercenada a nosa insustituible labor de ensinar, co aumento imparable de tediosas tarefas administrativas que constitúen a máis prexudicial agresión que se lle pode facer ao sistema educativo.

Gustárame rematar cunha frase de Carlos Castillo Peraza, escritor e periodista, que decía:

"A burocracia é a arte de converter o fácil en difícil por medio do inútil".

DE RUTA EN RUTA

Becerreá: Ruta de Penamaior e Pena do Pico

Un percorrido circular desde a Feira Vella de preto de vinte quilómetros que conta cun profundo desnivel

O roteiro presentado é unha fusión da ruta do Mosteiro xunto á Pena do Pico. É circular polo que comeza e remata no mesmo punto, a Feira Vella de Becerreá. Cun desnivel positivo de 867 metros conta cunha distancia de 20,53 km e unha duración media de 5 horas e 46 minutos. Partindo, como dixemos, da Feira Vella de Becerreá a ruta arranca seguindo as indicacións marcadas para chegar ao Mosteiro. Así, ata o quilómetro 1,78 no que haberá que desviarse á man dereita para introducirse nunha pista forestal onde se poderán descubrir grandes variedades de árbores: carballos, castiñeiros, piñeiros...

O percorrido ascende dende O Ceirexal ata a Escola de Alta Montaña e a Ermida de San Lorenzo. Esta última convertiuse xa nunha parada obrigatoria, unha pequena capela que posúe unha gran campiña e que chegou a ser centro dunha importante romaría. Dende ela, poderase desfrutar dunhas maravillosas vistas dos concellos de Baralla e Baleira.

Atravesando o núcleo de Touzón,

descenderase por unha senda ata o Mosteiro de Santa María de Penamaior, único en Galicia que dependía da orde Cistercense de Francia. O conxunto do Mosteiro está catalogado como (BIC) "Ben de Interese Cultural".

Malia que toda a ruta está indicada con paneis informativos, tras atravesar o núcleo de Touzón, haberá que meterse nun camiño que, por treitos, está sen sinalización. Aquí, a ruta transcorre pola dereita, collendo o camiño estreito e empedrado. Xa na parte baixa, desvíase de novo á dereita e, dende aí, vése xa o mosteiro. No mosteiro remataría a primeira parte desta ruta, dende el, proseguimos en dirección Vilarín cunha pista que, entre praderías chegará a Liñares. En torno ao quilómetro 14, collerase a senda que leva ao Mirador da Pena do Pico.

Un treito de ascenso conduce ao alto da Pena do Pico onde unha torre de vixilancia e unha antena reciben aos visitantes. Outro dos puntos chave desta ruta son as vistas dende aquí en días despexados, nos que, segundo rezan os paneis informativos, pódese ver ata a cidade de Lugo.

Antes de iniciar o descenso de volta á Feira Vella de Becerreá, necesario o descanso no merendeiro. A volta, un gran descenso de 867 metros que atravesa o núcleo de Lamas, baixando pola ladeira sur da montaña.

Dende o Concello de Becerreá recoméndan realizar este roteiro o segundo domingo de agosto, durante o que, neste último treito, de Pena do Pico, celebran unha romaría típica que conserva costumes tradicionais.



DATOS



5 h 46 min.



20,53 km.



Dificultade
Difícil-moderada

Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas



CURSOS GRATUITOS para desempleados y activos en sector turismo

AVECUS
Río Narla, 48-50 Lugo
Telf. 982 817 561 info@avecus.es
www.avecus.es